Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal

# PROGRAMACIÓN
# XERAL
# ANUAL 2023-2024
# Ceip A Igrexa-Calo

Aprobada en Claustro e Consello escolar o 24 de outubro de 2023

## ÍNDICE

1. O CENTRO....4
- 1.1.- Introducción....4
- 1.2.- Dependencias....4

2. EQUIPO DIRECTIVO....6

3. ÓRGANOS COLEXIADOS....7
- 3.1.- Consello Escolar....7
  - 3.1.1.- Comisión de convivencia escolar....8
  - 3.1.2.- Comisión de servizo de comedor escolar....9
  - 3.1.3.- Comisión económica....9
  - 3.1.4.-Comisión de biblioteca....10
  - 3.1.4.- Responsable de igualdade....10
- 3.2.- Claustro....10

4. PLAN XERAL....12
- 4.1.- Obxectivos Xerais....12
- 4.2.- Actividades Xerais....13

5. COMUNIDADE EDUCATIVA....14
- 5.1.- Familia....14
- 5.2.- Profesorado....14
- 5.3.- Alumnado....15
- 5.4.- Persoal non docende....17
- 5.5.- Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as....17

6. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA....18
- 6.1.- Avaliación Individualizada 4º Nivel....18
- 6.2.- Guía de Intervención para a Mellora....18

7. LIBROS DE TEXTO....20

8. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA....24
- 8.1.- Obxectivos....24
- 8.2.- Segundo Ciclo de Educación Infantil....24
- 8.3.- Equipos Docentes de Primaria....25

8.4.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.....29
8.5.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....30
8.6.- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.....33
8.7.- Departamento de Orientación.....38
8.8.- Dinamización da Biblioteca Escolar.....61
8.9.- Dinamización das TIC.....72
8.10.- Outras coordinacións.....76
9. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E OUTROS PROGRAMAS.....78
9.1.- Seccións Bilingües.....78
9.2.- PLAMBE.....78
9.3.- Proxecto Edixgal.....80
9.4.-Proxectos de centro.....83
10. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.....84
11. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....104
12. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....105
13. HORARIO XERAL DO CENTRO.....106
13.1.- Gardas de substitución do profesorado.....106
13.2.- Horarios de apoios.....108
13.3.- Recreos.....109
13.4.- Calendario escolar.....110
13.5.- Atención a pais e nais do alumnado.....110
13.6.- Horario da biblioteca escolar.....111
14. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.....112
14.1.- Comedor.....112
14.2.-Transporte.....113
15. CESIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....114
16. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC).....115
17. ANEXOS.....116
ANEXO I. Addenda do Proxecto Lingüístico.....116
ANEXO 2: ANPA.....116

# 1.- O CENTRO

## 1.1.- INTRODUCCIÓN

O CEIP A IGREXA-CALO ten os seguintes sinais de identidade:

| Código | Denominación |
|---|---|
| 15017041 | CEIP A IGREXA - CALO |

<table>
<tr><td colspan="2">Enderezo</td><td colspan="2">C.P.</td></tr>
<tr><td colspan="2">Lugar Fixó 14</td><td colspan="2">15866</td></tr>
<tr><td>Localidade</td><td colspan="2">Concello</td><td>Provincia</td></tr>
<tr><td>Calo</td><td colspan="2">Teo</td><td>A Coruña</td></tr>
<tr><td colspan="2">Teléfono</td><td colspan="2">Correo electrónico</td></tr>
<tr><td colspan="2">881866483</td><td colspan="2">ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal</td></tr>
<tr><td colspan="4">Páxina web</td></tr>
<tr><td colspan="4">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipigrexacalo</td></tr>
</table>

O ámbito de escolarización do CEIP A IGREXA – CALO abarca as parroquias de San Xoán de Calo, Santa Mª de Lampai e Santa Mª de Luou. Debido á proximidade xeográfica tamén acude a este centro alumnado de Milladoiro (Ames).

O centro atópase no lugar de Fixó nº 14, na parroquia de San Xoán de Calo, Concello de Teo.

## 1.2.- DEPENDENCIAS

O Edificio

Está emprazado dentro dun recinto cerrado con dúas entradas principais, unha para o alumnado de infantil e outro para o alumnado de primaria.

Anexo ao edificio principal hai un local (antiga casa do conserxe) destinado a biblioteca.

Ademais está o aulario de infantil, tamén anexo ao antigo edificio. Este edificio consta de 6 aulas co seu aseo correspondente, sala de profesorado, sala de psicomotricidade e outras dependencias.

Hai unha pequena construcción exterior de uns 100 m2, ubicada na zona das pistas

exteriores para actividades destinadas a Educación Física e garda de material.

Planta baixa

Conserxería.

Secretaría.

Aulas de 1º e 2º nivel, música e aula de AL.

Un pequeno local debaixo das escaleiras que serve de almacén.

A zona do comedor (con comedor, cociña e almacén).

Porta de acceso ao patio e entrada principal.

Sala fotocopiadoras.

Aseos.

Primeira planta:

Dirección.

Xefatura de estudos.

Xefatura do departamento de orientación escolar.

Aula de Convivencia.

Sala de profesorado.

Sala de informática.

Aulas de 3º e 4º nivel.

Aseos.

Segunda planta:

Aulas de 5º e 6º nivel e unha de 4º.

Aula de habilidades sociais.

Aula de Pedagoxía Terapéutica.

Aseos.

## 2.- EQUIPO DIRECTIVO

As súas competencias están reguladas polo DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Director: Pablo Barge Carrete
Xefa de Estudios: Montserrat Guillamó Dieste
Secretario: Jose Francisco Silva Brenlla

## 3.- ÓRGANOS COLEXIADOS

### 3.1.- CONSELLO ESCOLAR

| CONSELLO ESCOLAR 23-24 | | |
|---|---|---|
| Nº | NOME E APELIDOS | PERÍODO DE NOMEAMENTO |
| EQUIPO DIRECTIVO | | |
| 1 | PABLO BARGE CARRETE | Nov 2021 – Nov 2025 |
| 2 | MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE | |
| 3 | JOSE FRANCISCO SILVA BRENLLA | |
| PROFESORADO | | |
| 1 | RAMÓN JAVIER FERRÍN CHAPELA | Nov 2022 - Nov 2026 |
| 2 | MARÍA DEL CARMEN ESPANTOSO CAMPOS | |
| 3 | EVA DUARTE REY | Nov 2021 – Nov 2025 |
| 4 | LOURDES IGLESIAS VÁZQUEZ | |
| 5 | ANA BELÉN VARELA QUIÑOY | |
| PAIS/NAIS | | |
| 1 | RAQUEL MÍGUEZ BARÓN | Nov 2022 - Nov 2026 |
| 2 | MARÍA JOSÉ VIEITES RUIBAL | |
| 3 | MIGUELINA MOQUETE LUCIANO | Nov 2021- Nov 2025 |
| 4 | RAQUEL MARTIZ CASAL | |
| 5 | IVÁN SANTALLA BEAHÍN (ANPA) | - |
| PAS | | |
| 1 | MARÍA SAGRARIO LUACES LESTÓN | Nov 2021 - Nov 2025 |
| CONCELLO | | |
| 1 | MAYTE ARGIBAY DA SILVA | |

Este Órgano Colexiado reunirase trimestralmente en sesión ordinaria e cantas veces sexan necesarias, convocado polo seu presidente ou a petición dun terzo dos seus membros.

As súas competencias están reguladas no DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

### 3.1.1.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 6.1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

| COMISIÓN DE CONVIVENCIA | |
|---|---|
| PABLO BARGE CARRETE | DIRECTOR |
| MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE | XEFA DE ESTUDOS |
| YOLANDA RUANOVA VALDÉS | ORIENTADORA |
| RAQUEL MARTIZ CASAL | REPRES. PAIS/NAIS |
| MAYTE ARGIBAY DA SILVA | REPRES. CONCELLO |
| IVÁN SANTALLA BEAHÍN | ANPA |
| RAMÓN JAVIER FERRIN CHAPELA | MESTRE |
| MARÍA EL CARMEN ESPANTOSO CAMPOS | MESTRA |
| PAS | MARÍA SAGRARIO LUACES LESTÓN |

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

## 3.1.2.- COMISIÓN DE SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Art 11.3. Existirá unha comisión do servizo de comedor escolar, que será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor.

| COMISIÓN COMEDOR ESCOLAR | |
|---|---|
| PABLO BARGE CARRETE | PRESIDENTE |
| JOSE FRANCISCO SILVA BRENLLA | SECRETARIO |
| MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE | RESPONSABLE COMEDOR |
| RAQUEL MÍGUEZ BARÓN | REPRESENTANTE PAIS/NAIS |

## 3.1.3.- COMISIÓN ECONÓMICA

Decreto 374/1996, de 17 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento orgánico de las escuelas de educación infantil y de los colegios de educación primaria.

Art.44 . No seo do consello escolar existirá unha comisión económica, integrada polo director, un mestre, un pai de alumno e o secretario, de existir este no centro. Así mesmo, poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, polo menos, un mestre e un pai de alumno.

| COMISIÓN ECONÓMICA | |
|---|---|
| PABLO BARGE CARRETE | PRESIDENTE |
| JOSE FRANCISCO SILVA BRENLLA | SECRETARIO |
| EVA DUARTE REY | MESTRA |
| MARÍA JOSÉ VIEITES RUIBAL | REPRESENTANTE PAIS/NAIS |

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal


## 3.1.4.- COMISIÓN DE BIBLIOTECA

| COMISIÓN DE BIBLIOTECA | |
|---|---|
| PABLO BARGE CARRETE | DIRECTOR |
| ANA BELÉN VARELA QUIÑOY | MESTRA |
| LOURDES IGLESIAS VÁZQUEZ | MESTRA |
| MARÍA MORENO SANDE | BIBLIOTECA ESCOLAR |
| MAYTE ARGIBAY DA SILVA | CONCELLO |
| MIGUELINA MOQUETE LUCIANO | PAIS/NAIS |
| IVÁN SANTALLA BEAHÍN | ANPA |
| __ | BIBLIOTECA MUNICIPAL |

## 3.1.4.- RESPONSABLE DE IGUALDADE

Desígnase a RAQUEL MARTIZ CASAL como persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

## 3.2.- CLAUSTRO

O Claustro reunirase trimestralmente en sesión ordinaria e cantas veces sexa preciso, convocado pola Dirección ou a petición dun terzo dos seus membros.

| AULA | ED.INFANTIL |
|---|---|
| APOIO | MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ PRIETO |
| 4ºA EI | ANA BELÉN VARELA QUIÑOY |
| 4ºB EI | PILAR RODRÍGUEZ OTERO |
| 5ºA EI | ENCARNACIÓN MOURE VÁZQUEZ |
| 6ºA EI | ADELA NOVO GUTIÉRREZ |
| 6ºB EI | CRISTINA BERMEJO VARELA |
| ED.PRIMARIA | |
| 1ºA | HERMINIA NIMO LESTÓN |
| 1ºB | ESTEFANÍA PENA BASCOY |
| 2ºA | SARA GARCÍA RODRÍGUEZ |

| | |
|---|---|
| 2ºB | LORENA CONDE VÁZQUEZ |
| 3ºA | SUSANA FERRO IÑÍGUEZ |
| 3ºB | MARÍA SOLEDAD NIETO MALLO |
| 3º C | MARÍA DEL CARMEN ESPANTOSO CAMPOS |
| 4ºA | MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE |
| 4ºB | MARÍA MORENO SANDE |
| 5ºA | DAVID TOSAR GANDÁSEGUI |
| 5ºB | EVA DUARTE REY |
| 5ºC | RAMÓN JAVIER FERRÍN CHAPELA |
| 6ºA | GREGORIO SAN MIGUEL BARTOLOMÉ |
| 6ºB | TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO |
| | ESPECIALISTAS |
| E F | JOSE FRANSCISCO SILVA BRENLLA |
| E F | SOLEDAD FIDALGO SUÁREZ |
| INGLÉS | MARGARITA FERREÑO CASAL |
| INGLÉS | IRENE LÓPZ DÍAZ |
| PT | NATALIA PENA COUCEIRO |
| PT | MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA |
| OR | YOLANDA RUANOVA VALDÉS |
| RE | PATRICIA CRISTINA GUERRA LÓPEZ |
| AL | ALBA BOTANA IGLESIAS |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO |
| MU | PABLO BARGE CARRETE |

As súas competencias están reguladas no DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

## 4.- PLAN XERAL

Faise en base ao Plan da dirección, aos criterios e directrices fixados previamente polo Consello Escolar e ás achegas do Claustro de profesores, procurando garantir o desenvolvemento coordinado de tódalas súas actividades, e o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno, e a participación de tódolos Sectores da Comunidade Educativa.

### 4.1.- OBXECTIVOS XERAIS

• Desenvolver o plan de traballo para cada un dos distintos órganos do centro escolar.
• Aplicar as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
• Actualizar o inventario do material do centro e profundar na organización dos recursos.
• Implicar ao profesorado na utilización do XADE como organización
do centro.
• Fomentar a coordinación.
• Fomentar o bo uso e coidado do material didáctico, escolar, instalacións e do centro escolar en xeral.
• Desenvolver actitudes respectuosas e solidarias entre todos os membros da Comunidade Escolar
• Implicar ás familias de forma activa e participativa na formación e en todos os demais aspectos educativos do alumnado do noso centro.
• Manter unha colaboración real e efectiva entre o centro, ANPA e Concello.
• Desenvolver as propostas de mellora elaboradas a partir das experiencias do curso anterior.
• Asumir unhas directrices pedagóxicas básicas para o centro escolar.
• Potenciar a autonomía persoal.
• Impulsar a autoconfianza e a autoestima.
• Evitar na aula prácticas autoritarias ou descualificadoras e estimular a resolución dos conflitos por medio do debate e o consenso.
• Fomentar o espírito crítico ante informacións e opinións, aplicando criterios propios e

razoados.

• Fomentar o uso da lectura como medio de formación e lecer.

• Desenvolver o ensino- aprendizaxe partindo do medio no que se desenvolve o alumnado.

• Contribuír na medida das súas posibilidades á defensa e conservación do medio ambiente.

• Uso de novas tecnoloxías.

• Incidir mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

## 4.2.- ACTIVIDADES XERAIS

Para conseguir os obxectivos xerais propostos, programaranse distintas actividades a realizar ao longo do curso, destacando as seguintes:

• Reunións para coordinar a actividade docente.

• Fomento do uso da Biblioteca.

• Realización de actividades que fomenten a axuda, colaboración e cooperación, rexeitando calquera discriminación.

• Respecto ao Medio Ambiente

• Utilización de novas tecnoloxías como recurso e reforzo didáctico.

• Utilización da radio e da revista escolar.

• Uso da contorna do centro e do seus recursos naturais (árbores da contorna, aves da contorna, horto escolar, andainas...)

## 5.- COMUNIDADE EDUCATIVA

### 5.1.- FAMILIA

Adxudicámoslle á familia un papel educador de primeira orde. Para a formación integral do alumnado é imprescindible que os/as pais/nais ou titores, ben sexa directamente ou ben a través da ANPA, colaboren co centro escolar nunha serie de facetas que só eles poden acometer. Esta colaboración pedímola sobre todo, nos seguintes aspectos:

1.- Controlar a regularidade da asistencia a clase, coidando así mesmo a puntualidade, a hixiene e a dotación do material necesario para realización das tarefas escolares.

2.- Estar en contacto co profesorado para o intercambio de información relacionada co ámbito escolar

3.- Apoiar na casa as orientacións do Centro para acadar así os mellores resultados posibles.

### 5.2.- PROFESORADO

| AULA | ED.INFANTIL | ALUMNADO |
|---|---|---|
| APOIO | MARIA DEL CARME GONZÁLEZ PRIETO | --- |
| 4ºA EI | ANA BELÉN VARELA QUIÑOY | 15 |
| 4ºB EI | PILAR RODRÍGUEZ OTERO | 15 |
| 5ºA EI | ENCARNACIÓN MOURE VÁZQUEZ | 24 |
| 6ºA EI | ADELA NOVO GUTIÉRREZ | 13 |
| 6ºB EI | CRISTINA BERMEJO VARELA | 13 |
| AULA | ED.PRIMARIA | ALUMNADO |
| 1ºA | HERMINIA NIMO LESTÓN | 17 |
| 1ºB | ESTEFANÍA PENA BASCOY | 17 |
| 2ºA | SARA GARCÍA RODRÍGUEZ | 23 |
| 2ºB | LORENA CONDE VÁZQUEZ | 24 |
| 3ºA | SUSANA FERRO IÑÍGUEZ | 19 |
| 3ºB | MARÍA SOLEDAD NIETO MALLO | 18 |

| | | |
|---|---|---|
| 3ºC | MARÍA DEL CARMEN ESPANTOSO CAMPOS | 18 |
| 4ºA | MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE | 15 |
| 4ºB | MARÍA MORENO SANDE | 15 |
| 5ºA | DAVID TOSAR GANDÁSEGUI | 18 |
| 5ºB | EVA DUARTE REY | 18 |
| 5º C | RAMÓN JAVIER FERRÍN CHAPELA | 19 |
| 6ºA | GREGORIO SAN MIGUEL BARTOLOMÉ | 24 |
| 6ºB | TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO | 22 |
| | ESPECIALISTAS | |
| E F | JOSE FRANSCISCO SILVA BRENLLA | |
| E F | SOLEDAD FIDALGO SUÁREZ | |
| INGLÉS | MARGARITA FERREÑO CASAL | |
| INGLÉS | IRENE LÓPEZ DÍAZ | |
| PT | NATALIA PENA COUCEIRO | |
| PT | MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA | |
| OR | YOLANDA RUANOVA VALDÉS | |
| RE | PATRICIA CRISTINA GUERRA LÓPEZ | |
| AL | ALBA BOTANA IGLESIAS | |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO | |
| MU | PABLO BARGE CARRETE | |

## 5.3.- ALUMNADO

Esta é a distribución do alumnado no centro escolar para o curso 2023-2024.

| INFANTIL | |
|---|---|
| CURSO | ALUMNADO |
| 4ºA EI | 15 |
| 4ºB EI | 15 |
| 5ºA EI | 24 |
| 6ºA EI | 13 |
| 6ºB EI | 13 |
| TOTAL | 80 |

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal


| PRIMARIA | |
|---|---|
| CURSO | ALUMNADO |
| 1ºA | 17 |
| 1ºB | 17 |
| 2ºA | 23 |
| 2ºB | 24 |
| 3ºA | 19 |
| 3ºB | 18 |
| 3ºC | 18 |
| 4ºA | 15 |
| 4ºB | 15 |
| 5ºA | 18 |
| 5ºB | 18 |
| 5ºC | 19 |
| 6ºA | 24 |
| 6ºB | 22 |
| TOTAL | 267 |
| TOTAL CENTRO | 347 |

Os criterios a seguir no agrupamento do alumnado na aula e nivel son os seguintes:

• Idade.

• Orde alfabética, agás cando coincida moito alumnado do mesmo xénero nun mesmo grupo.

Neste caso farase unha distribución tendo en conta a equidade de xénero. Para iso, moverase o alumnado do final do grupo A e do principio do grupo B.

• Criterios de orde pedagóxica.

• Equilibrio no número de alumnado nos grupos do mesmo nivel.

• Distribución equitativa no caso de alumnado repetidor.

• No caso de xemelgos teranse en conta as preferencias dos proxenitores.

## 5.4.- PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente deste Centro está composto por :

| | |
|---|---|
| Conserxe: | Jose Ángel Rebolo Campos |
| Administrativo: | José Manuel Muñoz Fernández |
| Coidadora (ATE): | María José Arnejo Landeira |
| Oficial de cocina: | Sagrario Luaces Lestón |
| Tres axudantes de cocina: | Jesús María Deira Laíño<br>Begoña Gil Pereira<br>Mª del Pilar León Martínez |

O persoal de cociña é tamén responsable da limpeza do material da cociña, almacenamento e coidado dos alimentos, ademais daquelas outras tarefas que lles sexan atribuídas en función do seu convenio laboral.

Contamos ademáis con dúas limpadoras que dependen do Concello.

## 5.5.- ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS

Ver Anexo

## 6.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA

### 6.1.- AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO 4º NIVEL

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006 de 3 de maio, establece no seu artigo 21 a realización dunha avaliación individualizada ao alumnado de 4º nivel de primaria. Terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias e para toda a comunidade educatica. Esta avaliación valorará o grao de adquisición da competencia lingüística e da competencia matemática.

Terá como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 da LOMLOE

Para tal fin, queda nomeada unha comisión:

Presidente: Pablo Barge Carrete
Xefa de estudos: Montserrat Guillamó Dieste
Xefa do departamento de orientación: Yolanda Ruanova Valdés
Titora: Por determinar

### 6.2.- GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA

Respecto ao currículo:

Competencia en comunicación lingüística.

- Flexibilizar a secuencia do programa para que se faga máis práctica.
- Introducir modelos de traballo e avaliación variados para que o alumnado sexa quen de abordalos con certa seguridade e confianza nas propias posibilidades no momento en que se lles presenten.
- Fomentar a produción de textos e traballar con eles a comprensión lectora.

Competencia matemática.

- Flexibilizar a secuencia do programa para que se faga máis práctica.
- Traballar máis en profundidade a xeometría.

• Relacionar as actividades matemáticas con situación prácticas.

• Elaboración dun programa de tarefas para o traballo da competencia matemática.

Respecto á práctica docente:

Competencia en comunicación lingüística

• Desenvolver estratexias que melloren a capacidade de atención.

• Incrementar as actividades de comprensión oral.

• Realizar proxectos de traballo para potenciar a interdisciplinariedade entre o alumnado.

• Traballar a expresión escrita coa realización de resumos, esquemas, síntese, idea principal,etc

Competencia matemática

• Potenciar o uso de material manipulativo co fin de favorecer a comprensión de conceptos.

• Potenciar a linguaxe e a comprensión matemática; insistindo na verbalización da información e a recollida de datos. Potenciando que saiban en todo momento a que se están a referir.

Outros factores:

• Concienciar ao alumnado e aos pais e nais que sempre se avalía o conxunto, que a materia é un todo e que os temas están ligados e relacionados para que poidan conectar os coñecementos adquiridos cos novos.

• Valorar o esforzo persoal.

• Revisar a forma na que que se realizan os deberes e as actividades de comprensión escrita.

• Usar probas tipo na avaliación inicial para sacar información do alumnado.

• Fomentar o uso das TIC.

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal


## 7.- LIBROS DE TEXTO

| LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-2024 | | | | CURSO 1º EP |
|---|---|---|---|---|
| MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | LINGUA DA EDICIÓN | ISBN |
| MATEMÁTICAS | Comunidad Zoom 1º(1.1, 1.2 e 1.3) + Actividades de Bienvenida | Vicens Vives | CASTELÁN | 978-84-682-8099-8 |
| LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA | Comunidad Zoom 1º TIP-TAP (1.1 e 1.2) | Vicens Vives | CASTELÁN | 978-84-682-9887-3 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | Comunidad Zoom 1º. (1.1, 1.2 e 1.3) + Actividades de Benvida | Vicens Vives | GALEGO | 978-84-682-8318-0 |
| CIENCIAS DA NATUREZA | Comunidad Zoom 1º + Actividades de Benvida | Vicens Vives | GALEGO | 978-84-682-6434-9 |
| CIENCIAS SOCIAIS | Comunidad Zoom 1º. Act. Benvida | Vicens Vives | GALEGO | 978-84-682-8542-9 |
| INGLÉS | All About Us Now 1 Class Book + ALK with Digital Class Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-223 |
| | All About Us Now 1 Activity Book with Digital Activity Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-292 |
| MÚSICA | Música. Melodía 1 | Galinova | GALEGO | 978-84-9737-222-0 |

| LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-2024 | | | | CURSO 2º EP |
|---|---|---|---|---|
| MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | LINGUA DA EDICIÓN | ISBN |
| MATEMÁTICAS | Comunidad Zoom 2º (2.1, 2.2 e 2.3) | Vicens Vives | CASTELÁN | 978-84-682-9184-0 |
| LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA | Comunidad Zoom 2º (2.1, 2.2 e 2.3) | Vicens Vives | CASTELÁN | 978-84-682-9193-2 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | Comunidad Zoom 2º (2.1, 2.2 e 2.3) | Vicens Vives | GALEGO | 978-84-682-9287-8 |
| CIENCIAS NATURAIS | Comunidad Zoom 2º | Vicens Vives | GALEGO | 978-84-682-9249-6 |
| CIENCIAS SOCIAIS | Comunidad Zoom 2º | Vicens Vives | GALEGO | 978-84-682-9252-6 |
| INGLÉS | All About Us Now 2 Class Book + ALK with Digital Class Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-438 |
| | All About Us Now 2 Activity Book with Digital Activity Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-506 |
| MÚSICA | Música. Melodía 2 | Galinova | GALEGO | 978-84-9737-238-1 |

| LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-2024 | | | | CURSO 3º EP |
|---|---|---|---|---|
| MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | LINGUA DA EDICIÓN | ISBN |
| MATEMÁTICAS | Construyendo mundos | Santillana | CASTELÁN | 978-84-680-7136-7 |
| LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA | Construyendo mundos | Santillana | CASTELÁN | 978-84-680-7201-2 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | GALEGO | 978-84-9185-409-8 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CIENCIAS NATURAIS | Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | GALEGO | 978-84-9185-410-4 |
| CIENCIAS SOCIAIS | Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | GALEGO | 978-84-9185-416-6 |
| INGLÉS | All About Us Now 3 Class Book with Digital Class Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-650 |
| | All About Us Now 3 Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4073-844 |
| MÚSICA | Música. Melodía 3 | Galinova | GALEGO | 978-84-9737-223-7 |

| LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-2024 | | | | CURSO 4º EP |
|---|---|---|---|---|
| MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | LINGUA DA EDICIÓN | ISBN |
| MATEMÁTICAS | Construyendo mundos | Santillana | CASTELÁN | 978-84-144-0769-1 |
| LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA | Construyendo mundos | Santillana | CASTELÁN | 978-84-144-0738-7 |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | GALEGO | 978-84-9185-705-1 |
| CIENCIAS NATURAIS | Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | GALEGO | 978-84-9185-692-4 |
| CIENCIAS SOCIAIS | Construíndo mundos | Santillana Obradoiro | GALEGO | 978-84-9185-698-6 |
| INGLÉS | All About Us Now 4 Class Book with Digital Class Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-803 |
| | All About Us Now 4 Activity Book+ ALK + Go Pangea with | Oxford | INGLÉS | 978-019-4073-905 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Digital Activity Book | | | |
| MÚSICA | Música. Melodía 4 | Galinova | GALEGO | 978-84-9737-239-8 |

| LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-2024 | | | | CURSO 5º EP |
|---|---|---|---|---|
| MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | LINGUA DA EDICIÓN | ISBN |
| INGLÉS | Activity book ALL ABOUT US 5 NOW | Oxford | INGLÉS | 978-0-19-407396-7 |
| MÚSICA | Música. Melodía 5 | Galinova | GALEGO | 978-84-9737-224-4 |
| LIBROS DE TEXTO CURSO 2023-2024 | | | | CURSO 6º EP |
| MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | LINGUA DA EDICIÓN | ISBN |
| INGLÉS | All About Us Now 6 Activity Book+ ALK + Go Pangea with Digital Activity Book | Oxford | INGLÉS | 978-019-4074-025 |
| MÚSICA | Música. Melodía 6 | Galinova | GALEGO | 978-84-9737-240-4 |

En 5º e 6º de primaria utilizamos Edixgal.

# 8.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

## 8.1.- OBXECTIVOS

• Revisar a programación didáctica.
• Revisar os criterios de avaliación e promoción
• Colaborar cos distintos equipos do centro.
• Valorar as propostas dos distintos Equipos de dinamización e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
• Valorar as necesidades de intervención do departamento de orientación co alumnado que presente dificultades de aprendizaxe, adaptación, integración, conduta, etc.
• Realizar as reunións propostas no Plan de Centro.
• Potenciar a coordinación entre o profesorado de nivel.
• Fomentar a utilización de espazos comúns do centro: Aula de informática e Biblioteca.
• Informar das normas de convivencia ao alumnado e ás familias.
• Favorecer a convivencia entre o alumnado.
• Fomentar a relación cos pais, nais ou titores legais.
• Recoller as necesidades de material e proceder á súa petición ou compra.
• Solicitar as editoriais material de apoio para o profesorado.
• Establecer pautas de actuación metodolóxicas co alumnado.
• Propoñer actividades extraescolares e complementarias.

## 8.2.- SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

| AULA | COMPOÑENTES | ALUMNADO |
|---|---|---|
| APOIO | MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ PRIETO | --- |
| 4ºA EI | ANA BELÉN VARELA QUIÑOY | 15 |
| 5ºA EI | PILAR RODRÍGUEZ OTERO | 15 |
| 5ºB EI | ENCARNACIÓN MOURE VÁZQUEZ | 24 |
| 6ºA EI | ADELA NOVO GUTIÉRREZ | 13 |
| 6ºB EI | CRISTINA BERMEJO VARELA | 13 |

| | | |
|---|---|---|
| INGLÉS | IRENE LÓPEZ DÍAZ | |
| PT | MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA | |
| PT | NATALIA PENA COUCEIRO | |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO | |
| AL | ALBA BOTANA IGLESIAS | |
| EF | SOLEDAD FIDALGO SUÁREZ | |
| OR | YOLANDA RUANOVA VALDÉS | |
| RE | PATRICIA CRISTINA GUERRA LÓPEZ | |

Dado que hai alumnos integrados con necesidades específicas de apoio educativo, que requiren axuda para a consecución de habilidades de autonomía e hixiene, contamos coa axuda de ATE, asignada ao centro.

OBXECTIVOS

• Participar nas reunións de ciclo establecidas.

• Elaborar as programacións, tendo en conta a situación actual.

• Participar tanto na elaboración, como no desenvolvemento das distintas propostas de actividades planificadas polos distintos equipos do centro.

• Revisión e elaboración da documentación do Periodo de Adaptación, en colaboración coa Orientadora do Centro.

• Participar e potenciar actividades interniveis e interciclos.

• Fomentar a relación familia-escola, difundindo distintas actividades que se desenvolven nas aulas de educación infantil, a través do Blog.

• Coordinarse co profesorado que imparte clase ao seu grupo de alumnos.

## 8.3.- EQUIPOS DOCENTES DE PRIMARIA

| 1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| AULA | COMPOÑENTES | ALUMNADO |
| 1ºA | HERMINIA NIMO LESTÓN | 17 |
| 1ºB | ESTEFANÍA PENA BASCOY | 17 |
| 2ºA | SARA GARCÍA RODRÍGUEZ | 23 |
| 2ºB | LORENA CONDE VÁZQUEZ | 24 |
| | ESPECIALISTAS | |

| | |
|---|---|
| INGLÉS | IRENE LÓPEZ DÍAZ |
| PT | NATALIA PENA COUCEIRO |
| PT | MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA |
| OR | YOLANDA RUANOVA VALDÉS |
| RE | PATRICIA CRISTINA GUERRA LÓPEZ |
| AL | ALBA BOTANA IGLESIAS |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO |
| MU | PABLO BARGE CARRETE |

As reunións do 1º e 2º Nivel de Educación Primaria faranse segundo o calendario de reunións do Centro de 17:00 a 18:00 horas, aínda que en casos puntuais e sempre que a Programación Xeral do Centro así o requira, o 1º e 2º Nivel de Educación Primaria poderá reunirse con máis frecuencia se así se estima.

OBXECTIVOS

- Coordinar e elaborar as programacións
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, na busca de solucións para tratar aos nenos e nenas que presenten problemas ou dificultades na súa aprendizaxe.
- Seguir cos apoios e os reforzos educativos para poder desenvolver axeitadamente a nosa labor educativa.
- Aumentar a participación das familias no proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado.
- Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso dos nosos alumnos.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos para tratar os diferentes contidos.
- Participar no desenvolvemento do Proxecto de Centro, a través das distintas actividades que propoña o Equipo da Biblioteca.
- Participar no proxecto do EDL, a través das actividades que propoña.
- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos Equipos de Traballo.
- Seguir fomentando o interese pola lectura a través da Hora de Ler.
- Elaborar e transmitir propostas do 1º e 2º Nivel de Educación Primaria a Comisión de

Coordinación Pedagóxica.

• Realizar reunións de nivel, coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.

• Realizar reunións de nivel segundo o calendario de reunións de ciclo do centro e as que se consideren segundo a necesidades do ciclo, nas que se comentará todo o referente á actividade escolar (material necesario, medidas de reforzo educativo, actividades complementarias, novas propostas, etc.).

• Continuar traballando estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención do alumnado e seguir insistindo no cumprimento de normas de aula e de centro.

• Potenciar o Plan de Convivencia do Centro.

• Procurar que o alumnado utilice de xeito apropiado tanto a Lingua Galega como a Lingua Castelá.

• Participarase nas celebración e conmemoracións establecidas polo Equipo de Actividades Extraescolares, polo EDLG e demais equipos. En función das necesidades do 1º e 2º Nivel de Educación Primaria, estas actividades poderán ser ampliadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso.

| 3º E 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| AULA | COMPOÑENTES | ALUMNADO |
| 3ºA | SUSANA FERRO IÑÍGUEZ | 19 |
| 3ºB | MARÍA SOLEDAD NIETO MALLO | 18 |
| 3ºC | MARÍA DEL CARMEN ESPANTOSO CAMPOS | 18 |
| 4ºA | MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE | 15 |
| 4º B | MARÍA MORENO SANDE | 15 |
| | ESPECIALISTAS | |
| E F | JOSE FRANCISCO SILVA BRENLLA | |
| INGLÉS | MARGARITA FERREÑO CASAL | |
| PT | NATALIA PENA COUCEIRO | |
| PT | MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA | |
| OR | YOLANDA RUANOVA VALDÉS | |
| RE | PATRICIA CRISTINA GUERRA LÓPEZ | |
| AL | ALBA BOTANA IGLESIAS | |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO | |

| | |
|---|---|
| P.COM | MARÍA MORENO SANDE |

OBXECTIVOS

- Traballar de forma coordinada na realización das programacións.
- Planificar a práctica educativa en busca da consecución dos obxectivos xerais establecidos.
- Concretar o sistema de apoio a nenos/as con Necesidades Educativas de reforzo e ampliación.
- Avaliar e revisar, se fose preciso, o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Realizar un seguimento individualizado dos alumnos/as, para valorar o seu progreso académico.
- Elaborar os criterios de promoción de ciclo en base aos mínimos establecidos.
- Potenciar a coordinación interniveis.
- Planificar conxuntamente actividades complementarias e extraescolares.

| 5º E 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| AULA | COMPOÑENTES | ALUMNADO |
| 5ºA | DAVID TOSAR GANDÁSEGUI | 18 |
| 5ºB | EVA DUARTE REY | 18 |
| 5ºC | RAMÓN JAVIER FERRÍN CHAPELA | 19 |
| 6ºA | GREGORIO SAN MIGUEL BARTOLOMÉ | 24 |
| 6ºB | TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO | 22 |
| | ESPECIALISTAS | |
| E F | JOSE FRANCISCO SILVA BRENLLA | |
| INGLÉS | MARGARITA FERREÑO CASAL | |
| PT | NATALIA PENA COUCEIRO | |
| PT | MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA | |
| OR | ANA MARÍA SUÁREZ VARELA | |
| RE | FÁTIMA MONTERO SORDO | |
| AL | ALBA BOTANA IGLESIAS | |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO | |
| MU | PABLO BARGE CARRETE | |
| PLAS | TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO | |
| P.COM | GREGORIO SAN MIGUEL BARTOLOMÉ (5ºB, 6ºA,6ºB) | |

OBXECTIVOS

• Elaboración das programacións tanto de aula como de nivel, adaptándoas ao novo marco lexislativo.
• Planificar a práctica educativa en busca da consecución dos obxectivos xerais establecidos.
• Unificar criterios na reunión de pais/nais.
• Concretizar e planificar a práctica educativa diaria e tamén as actividades complementarias e extraescolares, co fin da consecución dos obxectivos xerais establecidos.
• Planificar conxuntamente as actividades de apoio, e as necesidades educativas de reforzo e ampliación, en coordinación cos compañeiros/as do departamento de orientación, si fora necesario.
• Potenciar a coordinación interciclos.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Acórdase que todos os ciclos poderán participar naquelas actividades programadas a nivel do centro polo equipo de actividades complementarias e extraescolares, así como as plantexadas polo equipo da biblioteca e EDL. Tamén, as que poida plantexar o Concello, coma podan ser os obradoiros de autoestima e habilidades sociais, que se veñen celebrando todos os anos así como as propostas pola ANPA. E todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso e que poidan resultar interesantes para o desenvolvemento dos alumnos, ben por razóns de contidos ou por outras razóns. Pero sempre, tendo en conta que non conleven riscos para o alumnado. As que poidan celebrarse faranse seguindo o protocolo establecido no colexio e tomando todas as medidas oportunas.

## 8.4.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

O capítulo II artigo 61 do Regulamento de Educación Primaria establece que a Comisión de Coordinación Pedagóxica está constituído polas seguintes membros:

| COMPOÑENTES | |
|---|---|
| DIRECTOR | PABLO BARGE CARRETE |
| XEFA DE ESTUDOS | MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE |
| ORIENTADORA | YOLANDA RUANOVA VALDÉS |

| | |
|---|---|
| PT | Mº CELIA ESPASANDÍN GARCÍA |
| AL | ELENA VAAMONDE PORTO |
| DINAMIZADORA BIBLIOTECA | MARÍA MORENO SANDE |
| COORDINADORA EDLG | SARA GARCÍA RODRÍGUEZ |
| COORDINADORA INFANTIL | CRISTINA BERMEJO VARELA |
| COORDINADORA 1º CICLO | HERMINIA NIMO LESTÓN |
| COORDINADORA 2º CICLO | MARÍA SOLEDAD NIETO MALLO |
| COORDINADORA 3º CICLO | TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO |
| SECRETARIA | SARA GARCÍA RODRÍGUEZ |

## 8.5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### 1.-MARCO LEGAL

A Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística e no Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario establecen o marco lexislativo básico para o equipo de dinamización da lingua galega (EDL).

O equipo de dinamización da lingua galega está formado polos seguintes membros:

| COMPOÑENTES |
|---|
| SARA GARCÍA RODRÍGUEZ- COORDINADORA |
| EVA DUARTE REY |
| MARÍA EL CARMEN GONZÁLEZ PRIETO |
| SUSANA FERRO IÑÍGUEZ |
| RAMÓN JAVIER FERRÍN CHAPELA |
| NATALIA PENA COUCEIRO |
| MARGARITA FERREÑO CASAL |

O Equipo reunirase sempre que sexa preciso para desenvolver o proxecto de actividades programadas. Farase unha reunión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao remate do mesmo.

Dende o equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega preténdese

elaborar actividades dirixidas a garantir , dinamizar e revalorizar o emprego do galego dentro e fóra do contexto educativo. Para isto contamos coa cooperación do claustro de profesores dentro dos diferentes equipos como son : Biblioteca, Actividades Extraescolares, Tic. Tamén cómpre destacar o apoio do Concello de Teo, de diversas asociacións , da ANPA e das familias dos alumnos.

2.-OBXECTIVOS

• Implicar a todos os membros da comunidade educativa no fomento do uso da Lingua Galega.
• Coñecer a riqueza patrimonial do noso concello.
• Colaborar estreitamente co equipo da Biblioteca no desenvolvemento de actividades de animación á lectura.
• Participar na recuperación das festas tradicionais: San Martiño, Samaín, Magosto…
• Fomentar a lectura en galego.
• Colaborar con colectivos, asociacións ou persoas alleas ao colexio, na promoción do uso do galego e no coñecemento e transmisión do patrimonio cultural da zona.
• Crear un espazo de convivencia, no que se posibilite o achegamento entre diferentes xeracións.
• Promover o traballo en equipo en prol dun obxectivo común.
• Participar nas actividades propostas polo Concello ou polos centros educativos da zona, no referente á Normalización Lingüística.
Usar a lingua galega dun xeito natural.
• Facer un uso normalizado do galego no centro e en xeral con toda a comunidade educativa.
• Valorar positivamente a pluralidade lingüística da nosa comunidade.
• Fomentar o intercambio de experiencias e coñecementos na lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
• Informar á comunidade educativa das novidades lexislativas, campañas e actividades culturais que xurdan desde diferentes organismos.
• Achegarse á lingua escrita a través de diferentes textos: poemas, narracións, contos, revistas…
• Coñecerao autor/a homenaxeado o Día das Letras Galegas e a súa obra
• Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para

os nenos/as.

• Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes...

• Continuar actualizando a páxina web do colexio, e o Blog de EDL informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.

3.-ACTIVIDADES

Coa proposta das seguintes actividades pretendemos acadar os obxetivos que previamente establecemos así como contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas sinaladas no decreto curricular, destacanto entre todas elas a competencia lingüística e a competencia cultural.

1.- Actividades para o primeiro trimestre: O Samaín, o Magosto e o Nadal.

2.- Actividades para o segundo trimestre: Día de Rosalía de Castro e o Entroido.

3.- Actividades para o terceiro trimestre: A primavera. As Letras Galegas.

Durante todo o curso levaremos a cabo conxuntamente co equipo de biblioteca e o equipo de actividades complementarias e extraescolares o proxecto "As mulleres na historia". A concreción destas actividades establecerase nas diferentes reunións do propio equipo de dinamización e nas reunións cos diferentes coordinadores/as do resto de equipos.

Ademais destas propostas iniciais, tamén poderán xurdir outras de igual interese para o fomento da lingua galega no noso centro, ben sexa froito do interese dos nenos, de acontecementos da contorna ou de propostas doutros membros da comunidade educativa.

4.-TEMPORALIZACIÓN.

Esta programación establécese para o curso escolar 2023/2024

5.-METODOLOXÍA.

O alumnado do centro pertence a etapa de educación infantil e primaria. Propoñemos sempre as actividades dun xeito lúdico para que así sexan o máis motivadoras e significativas posible. Tamén trataremos de dar resposta as súas inquedanzas e aos seus intereses.

RECURSOS.

Para un axeitado desenvolvemento contaremos con todos os recursos dos que dispón o centro como material funxible e/ou material tecnolóxico. Tamén solicitaremos á administración educativa axuda económica que destina todos os anos aos equipos de

dinamización lingüística para a realización de diferentes proxectos. • Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias... • Bibliotecas de aula. • Fotocopiadora e plastificadora. • Taboleiro de anuncios. • Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

6.-AVALIACIÓN.

A avaliación das propostas realizadas realizarase de xeito continuado co fin de poder introducir melloras se fose preciso.

## 8.6.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1.-MARCO LEGAL

Tal e como se recolle no artigo 69 do Regulamento Orgánico de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG do 21 de outubro de 1996), enténdese por actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñan carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Así, cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes. Por outra banda, as actividades extraescolares serán aquelas que, sendo organizadas polo Centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realicen fóra do horario lectivo.

A participación nelas será voluntaria.

Será responsable de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades o EACE (Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares).

| COMPOÑENTES |
|---|
| MARIA DEL CARMEN ESPANTOSO CAMPOS - COORDINADORA |
| ADELA NOVO GUTIERREZ |
| SOLEDAD FIDALGO SUÁREZ |
| ESTEFANÍA PENA BASCOY |

| |
|---|
| MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA |
| YOLANDA RUANOVA VALDÉS |
| GREGORIO SAN MIGUEL BARTOLOMÉ |
| ELENA VAAMONDE PORTO |

## 2.-CALENDARIO DE REUNIÓNS

O equipo de actividades extraescolares e complementarias reunirase nas horas de dinamización que están dispostas para tal fin, ou cando se estime necesario. Nas devanditas sesións o coordinador do EACE levantará acta co resumo do traballo.

## 3.-OBXECTIVOS

As actuacións levadas a cabo dende o equipo buscan acadar os seguintes obxectivos xerais este curso escolar:

- Dinamizar e fomentar a participación de todos os niveis en actividades comúns.
- Promover a participación activa do alumnado en actividades complementarias que favorezan a autonomía e a responsabilidade na organización do tempo libre e ocio.
- Facilitar a participación en actividades que completen o desenrolo integral do alumnado.
- Favorecer a sensibilidade, curiosidade e creatividade do alumnado.
- Promover no alumnado o sentimento positivo de pertenza ao centro e ao seu grupo.
- Mellorar as relacións entre o alumnado fóra do ámbito académico e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación en diferentes contextos .
- Posibilitar o acceso ás actividades culturais e/ou deportivas a todo o alumnado .
- Promover a participación en actividades levadas a cabo por diferentes organismos distintos ao centro, relacionadas coa contorna natural, social e cultural , dando prioridade ás dun menor custo económico para o alumnado.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen. En definitiva, conseguir alumnos e alumnas creativos que sexan capaces de impulsar a súa formación: "aprender observando e realizando".
- Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais que provocan que algúns alumnos e alumnas non teñan a posibilidade de gozar de determinadas actividades culturais ou de tempo de llecer por falta de medios económicos, ou carencias persoais

ou do entorno.

- Fomentar a participación nas actividades extraescolares propostas polo Concello.

Para a consecución destes obxectivos teremos en conta diferentes accións coma:

- Realizar reunións mensuais (ademais das que poidan xurdir en función das necesidades) para planificar e coordinar as actividades.
- Planificar e organizar todas as actividades que se desenvolven en común para todo o centro durante o horario lectivo.
- Colaborar cos equipos de Dinamización das Linguas e de Biblioteca para a organización de actividades e difusión de unidades didácticas relacionadas co Samaín, o Magosto, o Entroido e o Día das Letras Galegas.
- Colaborar e coordinar o traballo co mestre de Educación Física para a organización dalgunhas actividades.
- Poñer a disposición do profesorado material axeitado para a realización das actividades,tanto en formato físico coma dixital.
- Manter informados ás coordinadoras de ciclo/nivel de diferentes ofertas para a participación en actividades complementarios e/ou extraescolares axeitadas en función do alumnado.
- Manter informado ao profesorado en xeral mediante un calendario anual exposto na sala de mestres e a través de correos electrónicos ou por Abalar
- Organizar, promover e coordinar as actividades complementarias que se realicen coincidindo coas festividades máis destacadas na tradición do centro e do concello: Samaín, Magosto, Nadal e , Entroido
- Colaborar na organización de actividades que dende os diferentes niveis vaian xurdindo e resulten de interese en función das características e necesidades do alumnado.
- Decorar o centro dacordo ás festividades traballadas.
- Elaborar a memoria de final de curso recollendo as conclusións do traballo realizado e propostas de mellora.

## 4.-PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso levarase a cabo as seguintes actividades escollidas de entre as conmemoracións recollidas na ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario

escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e ademais , aquelas outras que poidan ser de interese pedagóxico, histórico e sociocultural que vaian xurdindo ao longo do curso.

- Semana do 11 ao 15 de setembro: actividades de benvida de inicio de curso para todo o alumnado do centro.
- 31 de Outubro: celebración do Samaín e o Magosto en colaboración co equipo de Dinamización das Linguas.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero en colaboración co Departamento de Orientación.
- Decembro de 2023: Celebración do Nadal.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 9 de febreiro de 2023: celebración do Entroido.Colaboración co departamento de Dinamización das Linguas.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro. En colaboración co Departamento de Dinamización das Linguas e do equipo de Biblioteca.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller. En colaboración co Departamento de Orientacion.
- 2 de maio: Día internacional contra o acoso escolar.
- Do 13 ao 17 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas. Colaboración co Departamento de Dinamización das Linguas, o profesorado de Educación Física e o Equipo de Biblioteca.

Outras conmemoracións serán programadas e organizadas por outros equipos. Salientar que todas as datas anteriores corresponden a días lectivos.

– De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Todo o anteriormente exposto estará suxeito a modificacións e aportacións que veñan marcadas dende os diferentes niveis, así como aqueles elementos específicos que se sinalen nas diversas Programacións Didácticas que serán aprobadas pola Inspección Educativa

Ao igual que en cursos anteriores o EACE, en colaboración co equipo de Dinamización Lingüística e o equipo de Biblioteca, poñerá a disposición dos mestres recursos educativos e informativos, así coma, direccións de internet que axuden ao desenvolvemento das actividades propostas por este.

Toda a información será enviada aos coordinadores de cada etapa educativa para que posteriormente seleccionen aqueles materiais que máis se adapten os seus intereses e necesidades ou nalgúns casos a todo o profesorado a través de ABALAR.

## SAÍDAS DIDÁCTICAS

Fomentarase a participación do alumnado do centro en actividades propostas por organismos da contorna. Para a participación nestas actividades, daremos prioridade a actividades gratuítas ou de baixo custo. Así mesmo, buscaremos que as actividades propostas se adecúen á idade do alumnado en cada caso, polo que normalmente se participará por ciclos/niveis.

Saídas previstas

- Participación nas actividades escolares organizadas polo concello de Teo.
- Participación nas actividades escolares organizadas por Afundación (Abanca) para o curso escolar 2022-2023.
- Actividades de convivencia con outros centros por parte do alumnado de 3º de EP.
- Actividades de preparación á ESO por medio de convivencias deportivas intercentros.
- Actividades didácticas (teatrais e musicais) propostas dende o Auditorio de Galicia.
- Excursións e saídas para o coñecemento da contorna.
- Excursións e saídas de final de curso que se axustarán todos os anos aos seguintes destinos :

– 1º EP: Saída a Naturaventura en Silleda.
– 2º EP: Saída a Noia e praia de Broña.
– 3º EP: Saída á Illa de Arousa.Ruta de observación de aves e praia.
– 4º EP: Saída a Muros e Louro: muíño de mareas, visita guiada á vila e praia de San Francisco
– 5º EP: Saída a Boiro e Riveira: Castro Cidade, Mirador da rá e Praia de Barraña
– 6º EP: Saída a Tuy, Baiona e Vilanova da Cerveira.

- Outras actividades que poidan ir xurdindo ao longo do curso e que resulten interesantes como complemento á atención curricular do alumnado.

Todo o anteriormente exposto estará suxeito a modificacións e aportacións que veñan marcadas dende os diferentes niveis, así como aqueles elementos específicos que se sinalen nas diversas Programacións Didácticas que serán aprobadas pola Inspección Educativa

Ao igual que en cursos anteriores o EACE, en colaboración co equipo de Dinamización Lingüística e o equipo de Biblioteca, poñerá a disposición dos mestres recursos educativos e informativos, así coma, direccións de internet que axuden ao desenvolvemento das actividades propostas por este.

Toda a información será enviada aos coordinadores de cada etapa educativa para que posteriormente seleccionen aqueles materiais que máis se adapten os seus intereses e necesidades ou nalgúns casos a todo o profesorado a través de ABALAR. Por este mismo canle serán informadas as familias das actividades que o precisen.

## 8.7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### 1.-INTRODUCCIÓN

Este Plan Xeral de Atención a Diversidade recolle fundamentalmente os obxectivos e propostas explícitos na LOE, modificada pola LOMLOE; que contemplan a orientación educativa e profesional coma un medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Para a súa confección partimos dos plans e memorias de cursos anteriores coa finalidade de dar continuidade a intervención educativa, contando, para o seu desenvolvemento e aplicación, ca participación de todo o equipo docente.

Entre outras, a finalidade deste plan é potenciar a colaboración de toda a comunidade educativa co a fin de optimizar o proceso de E-A e de facilitar a adquisición dunha formación integral do alumnado como base dunha preparación non só informativa e conceptual, senón, formativa e significativa; abranguendo a formación en actitudes e habilidades sociais de acordo coas esixencias dun saber vivir e convivir nunha sociedade multicultural, multiétnica e en definitiva, diversa.

Polo tanto entendemos a orientación como un deber compartido por todo o profesorado coas responsabilidades propias dos diferentes desempeños que debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose

os espazos e tempos nos que se desenvolverá o planificado. Ademais debese contemplar unha avaliación e seguimento da consecución dos obxectivos coas correpondentes propostas de mellora.

## 2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Este Plan pretende ser un documento práctico e dinámico. Polo que temos que planificar para unha realidade e características singulares que a definen e condicionan, e para unhas necesidades propias ás que temos que dar resposta.

Para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer o contorno no que se vai a desenvolver: características do alumnado, profesorado, familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos,...

O CEIP A Igrexa-Calo está ubicado en Teo, municipio integrado na comarca de Santiago de Compostela; conta cun total de 346 nenos e nenas procedentes do entorno rural. Componse de 19 unidades, 5 para o segundo ciclo de Educación Infantil e 14 de Educación Primaria.

O Departamento de Orientación conta con dúas especialistas en Pedagoxía Terapéutica e dúas en Audición e linguaxe, unha compartida co CEIP A Ramallosa, que permanece só un día no noso centro.

## 3.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

| COMPOÑENTES | |
|---|---|
| CLARA BLANCO MARTÍNEZ | ORIENTADORA |
| MARÍA CELIA ESPASANDÍN GARCÍA | ESPECIALISTA EN PT |
| NATALIA PENA COUCEIRO | ESPECIALISTA EN PT |
| ELENA VAAMONDE PORTO | ESPECIALISTA DE AL |
| ALBA BOTANA IGLESIAS | ESPECIALISTA DE AL (ITINERANTE) |
| CRISTINA BERMEJO VARELA | COORDINADORA DE EI |
| HERMINIA NIMO LESTÓN | COORDINADORA 1ºCICLO EP |
| MARIA SOLEDAD NIETO MALLO | COORDINADORA 2ºCICLO EP |
| TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO | COORDINADORA 3ºCICLO EP |

## 4.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación e valoración das necesidades é un proceso que abrangue un amplo abano de información proporcionada pola comunidade educativa a través de diversos medios: enquisas, entrevistas, reunións, Memorias e Plans anteriores, informes psicopedagóxicos; informes do profesorado especialista en PT e AL, e a información transmitida polos docentes tras a avaliación inicial.

As necesidades educativas máis estendidas neste contexto refírense ao desenvolvemento de hábitos e destrezas de autoaprendizaxe na procura da independencia e autonomía do alumnado.

Outra necesidade e o seguimento e actualización dos expedientes do alumnado que presenta neae; así como a realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado derivado ao departamento.

Por outra banda é preciso revisar e actualizar as medidas de reforzo e intervención do alumnado e deseñar medidas de atención á diversidade.

Outras necesidades son: o fomento de hábitos e técnicas de estudo, a mellora da convivencia escolar e da comunicación da comunidade educativa.

## 5.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

Dado o carácter aberto e flexible deste Plan os obxectivos formulados enmárcanse nunha proposta de traballo a medio-longo prazo que se irá enriquecendo ao longo do curso, coa evolución do mesmo.

Para a redacción dos obxectivos tense en conta a importancia da función orientadora no sistema educativo; as funcións e os ámbitos de actuación do DO establecidas na lexislación vixente, a análise das necesidades, características e recursos do centro e da contorna; os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa explícitas no PEC e na CCP que levan a determinar os obxectivos que deben guiar a acción do DO.

### 5.1 OBXETIVOS XERAIS

- Atender ao alumnado con NEAE, favorecendo a súa inclusión e participación no grupo e no conxunto da dinámica do centro.

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a

atención á diversidade, asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, criterios de promoción,...

- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.
- Contribuír á identificación e detección temperá de dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Apoiar a convivencia no centro coa implicación da comunidade educativa.
- Fomentar a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas e na vida do centro.
- Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e axudarlles a enfrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- Asesorar e apoiar a comunidade educativa para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

## 5.2 OBXETIVOS ESPECÍFICOS E ACTUACIÓNS

Os obxectivos específicos, temporalización e propostas de actuación a desenvolver polo Departamento durante no curso escolar 2023-2024, clasificándoas en función ao grupo ao que van dirixidas, son as que seguen:

### RELATIVAS AO CENTRO

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES | MOMENTO |
|---|---|---|
| Organizar o funcionamento do DO | Organización do espazo do DO<br>Elaboración da concreción do Plan Xeral de Atención a Diversidade.<br>Asistencia ás reunións do DO do IES ao que estamos adscritos.<br>Recollida de información do alumnado.<br>Actualización do rexistro de materiais do DO<br>Convocatoria e presidencia das reunións. | 1º Trimestre<br>1º Trimestre<br>Todo o curso<br>Todo o curso<br>1º T<br>Todo o curso<br>Todo o curso<br>Fin de curso |

| | | |
|---|---|---|
| | Revisión de documentos non actualizados.<br>Elaboración da memoria de final. | |
| Valorar as necesidades de material específico. | Adquisición e inventario do material e equipamento para o DO<br>Confección de fichas e rexistros. | Todo o curso |
| Aportar recursos para a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares. | Seguimento dos pasos no proceso de toma de decisións co alumnado con NEAE.<br>Elaboración da proposta de organización dos apoios. | Todo o curso<br>Todo o curso |
| Participar na recollida e actualización de datos sobre as medidas de A.D. postas en marcha. | Colaboración co profesorado na revisión dos expedientes académicos e valorar as medidas postas en marcha o curso anterior. | Todo o curso |
| Atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. | Confección de horarios para o ANEAE.<br>Colaboración na elaboración dos programas de intervención.<br>Adquisición de material específico. | Todo o curso<br>Todo o curso<br>Todo o curso |
| Colaborar cos distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora. | Establecemento de contactos cos distintos profesionais externos ao centro, que inciden na atención aos alumnos con neae (E.O.E., Servizos Sociais do Concello, centros específicos, diversas asociacións (SAT, ASPANAES, etc.),...)<br>Coordinación cos DO da zona. | Todo o curso<br>Todo o curso |

RELATIVAS AO PROFESORADO

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES | MOMENTO |
|---|---|---|
| Colaborar na avaliación inicial do alumnado. | Participación, por demanda do profesorado, na avaliación inicial. | Inicio do curso |
| Identificar as necesidades do alumnado con neae concretando pautas de intervención. | Realización de avaliacións psicopedagóxica e elaboración de programas de intervención para o alumnado con NEAE.<br>Coordinación do profesorado na atención do alumnado con NEAE. | Todo o curso<br>Todo o curso |
| Valorar e asesorar na atención á diversidade. | Realizar avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes psicopedagóxicos precisos.<br>Valoración das medidas necesarias de A.D.<br>Asesoramento ao profesorado na realización e seguimento das medidas de A.D. | Todo o curso<br>Todo o curso<br>Todo o curso |
| Contribuír ao proceso de avaliación. | Participación nas reunións de avaliación. | Todo o curso |
| Contribuír á personalización dos procesos de en- | Asesoramento na posta en marcha de programas que melloren a autoestima dos me- | Todo o curso |

| | | |
|---|---|---|
| sino-aprendizaxe. | nores, de habilidades sociais, ... | |
| Continuar coa actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade. | Realizar as modificacións oportunas, derivadas das necesidades, para unha boa acción orientadora; plasmándoas na Memoria. | Todo o curso |

RELATIVAS AO ALUMNADO

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES | MOMENTO |
|---|---|---|
| Avaliar as necesidade do alumnado derivado. | Realización de avaliacións psicopedagóxicas por demanda do profesorado. | Todo o curso |
| Potenciar a Orientación para todos. | Observación sistemática das condutas, aprendizaxes,... do alumnado; empregando técnicas como cuestionarios, rexistros, ... | Todo o curso |
| Coñecer o rendemento académico do alumnado. | Observación sistemática do alumnado.<br>Asistencia as reunións de avaliación.<br>Comunicación e coordinación continua. | Todo o curso<br>Todo o curso<br>Todo o curso |
| Potenciar o desenvolvemento do alumnado, especialmente do ANEAE | Asesoramento e colaboración nas medidas de reforzo ordinarias e extraordinarias. | Todo o curso |
| Proporcionar apoio e asesoramento nos momentos difíciles da escolarización: cambio de centro, de etapa, resolución de conflitos,... | Establecemento de contactos directos informais co alumnado cun clima cércano e de confianza.<br>Charlas e debates nas diferentes aulas. | Todo o curso<br>Todo o curso |

RELATIVAS ÁS FAMILIAS

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES | MOMENTO |
|---|---|---|
| Cooperar nas relacións do centro coas Familias. | Entrevistas.<br>Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións. | Todo o curso |
| Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que atopen na educación do alumnado | Pautas referidas a hábitos de estudo, hixiene, autoestima, convivencia, respecto ás diferenzas, educación en valores,... | Todo o curso |
| Informar e asesorar ás familias do ANEAE. | Informar sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas.<br>Dar información sobre as medidas a tomar con respecto ao alumnado con NEAE.<br>Informar de axudas e asistencia a ANEAE. | Todo o curso<br>Todo o curso<br>1º Trimestre |

Todo isto, sen esquecer as actuacións relacionadas coa convivencia, ás referidas á

formación permanente, á investigación, experimentación e á innovación, e facilitando, en forma e prazo, a información que se demanda por parte da Consellería.

6.- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E MEDIDAS

Priorizarase a atención do alumnado con necesidades graves e permanentes.

Tratara de potenciarase a atención con carácter preventivo, tendo en conta as características evolutivas do alumnado.

O apoio do profesorado especialista, como medida extraordinaria de A.D. precisará, preferiblemente, de un informe psicopedagóxico.

Cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado adicará parte das súas horas libres lectivas, á atención de alumnado de reforzo, preferiblemente do nivel en que imparta clase. Estes apoios faranse preferentemente dentro da aula. Intentarase que un mesmo alumno ou alumna sexa atendido polo menor número posible de profesionais.

Os apoios ás NEE efectuaranse tanto dentro coma fóra da aula ordinaria, segundo as necesidades de intervención e as posibilidades organizativas.

Os agrupamentos para a intervención fóra da aula ordinaria con alumnado con NEE ou con dificultades específicas realizaranse segundo as necesidades educativas do alumnado co que se intervén e os recursos dispoñibles.

Traballarase individualmente fóra da aula ordinaria nos casos que as características do alumnado así o requiran.

Como norma xeral, o alumnado con necesidades educativas máis importantes, é dicir, graves e permanentes; recibirá maior número de horas de apoio.

Cando o permita a organización do centro, os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidades.

En caso de atención en aula específica procurarase coordinar o horario ca clase ordinaria para facilitar o traballo na mesma área.

Ao remate de cada curso, de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio para os escolares, en función das necesidades detectadas.

7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

7.1. COORDINACIÓN INTERNA E COS CENTROS ADSCRITOS

A fin de optimizar a coordinación interna e conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos, establécense diversas reunións: do DO, do profesorado de PT e AL coas titorías, reunións de nivel, da CCP...

Respecto ao centro adscrito, a coordinación levarase a cabo a través de reunións da orientadora coa responsable do centro.

Co IES ao que estamos adscritos, desenvolveranse reunións entre os respectivos departamentos de orientación e entre equipos directivos coa finalidade de transmitir a información necesaria do alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade e de facilitar o proceso de transición entre etapas educativas

7.2. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS

O Decreto 229/2011 dispón que "Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ..."e que estas recibirán "... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros". Esta colaboración e coordinación, levarase a cabo durante o curso en reunións periódicas segundo a necesidade.

Ademais realizaranse reunións frecuentes e a demanda cos Servizos Sociais do concello, con SAT (Servizo de Atención Temperá), Servizos de neuropediatría e psicoloxía do Hospital do Barbanza e CHUS, cos centros privados/concertados aos que acoden o alumnado con necesidades do noso centro (ASPANAES)... con fin de que exista unha atención coordinada que axude a un bo desenvolvemento do alumnado. Sempre contando co consentimento, por escrito, das familias.

8.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As medidas extraordinarias de Atención a Diversidade, tal e como establece a O. 8 de setembro son aquelas dirixidas ao A.N.E.A.E., que poden requirir modificacións significativas do currículo ou cambios esenciais no ámbito organizativo, no elementos de acceso ou na modalidade de escolarización; entre elas atopamos, as Adaptacións Curriculares, os agrupamentos flexibles, as flexibilizacións da duración da escolarización, a atención do profesorado especialista en PT e AL,... Estas aplicaranse logo de esgotadas as ordinarias e previo informe psicopedagóxico do DO.

8.1. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

Unha vez que o profesorado titor ou outro especialista detectan necesidades no alumnado deberá poñelo en coñecemento do Departamento de Orientación e iniciarase o protocolo de derivación:

1º Solicitude de intervención  por parte do profesorado, a través do documento de derivación (Documento coñecido pola comunidade educativa, onde consten os datos identificativos do alumno ou alumna, o motivo da demanda e as necesidades detectadas, as medidas ordinarias postas en práctica ata o momento, o estilo de aprendizaxe e a relación coa familia)

2º Reunión do profesorado titor para informar do proceso que se vai a levar a cabo e as razóns do mesmo.  (Co respectivo documento asinado pola familia no que conste que foi informada do proceso e súa vontade sobre o mesmo)

3º Recollida de información a través dunha entrevista familiar.

4º Realización de unha avaliación psicopedagóxica por parte do departamento.

5º Elaboración do informe psicopedagóxico correspondente.

6º Posta en marcha das medidas necesarias recollidas no informe.

7º Seguimento do caso.

Nas medidas que sexan precisas as autorizacións de Dirección, Inspección ou Xefatura; realizaranse os tramites oportunos establecidos a O. do 8 de setembro.

## 9.- PROCESOS DE SEGUIMENTO,  AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora. Así, debemos fixar uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Co obxecto de mellorar o plan do DO, e de ir introducindo as modificacións pertinentes, derivadas da súa posta en marcha, será necesario realizar unha avaliación do mesmo, para a que se fará:

- Unha avaliación inicial coa recollida de datos e suxestións para o Plan Xeral.
- Unha avaliación procesual coa recollida de información a través das reunións periódicas do DO e das sesión de avaliación.

- Unha avaliación final, na que se valorará a implementación, adecuación e consecución dos obxectivos do Plan.

Esta avaliación deberá centrarse tanto no deseño do plan como dos diferentes programas do DO (adecuación ó contexto e necesidades, calidade técnica, ...) coma no seu desenvolvemento (implementación do programa, clima no que se desenvolve, efectos non previstos,...) e nos seus resultados e será realizada polo departamento de orientación, contando coas aportacións dos diferentes participantes

9.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios vannos permitir facer un seguimento e avaliación do Plan de Orientación; relaciónanse cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por :

- Consecución dos obxectivos previstos.
- Realización das actuacións previstas.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- Grao de resposta ás necesidades do centro e do alumnado.
- Grao no que se levaron a práctica os puntos programados.
- Nivel de aceptación e valoración dos sectores da comunidade educativa.
- Nivel de participación dos distintos implicados e coordinación cos mesmos.

9.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación deste plan empregaremos procedementos e instrumentos como: reunións de coordinación, cuestionarios, entrevistas; análise de documentos, de resultados escolares e do clima de convivencia; desenvolvemento das accións e modificacións e actuacións introducidas, reunións celebradas e participación nas mesmas, numero de demandas recibidas e atendidas e outras que poidan xurdir.

9.3. SEGUIMENTO

O seguimento realizarase a través das reunións do DO e a través da análise por parte do profesorado do centro de aspectos como o grao de desenvolvemento persoal do alumnado, a integración do mesmo no grupo, o axuste das medidas de atención a diversidade adoptadas, a participación do profesorado na atención á diversidade, o grao de consecución dos obxectivos propostos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, a participación e implicación das familias na vida do centro en xeral, e nos programas que se desenvolven en particular, ...

Este seguimento ten como principal finalidade realizar as propostas de mellora oportunas ao longo do proceso; facendo de este documento algo aberto e flexible, podéndose adaptar as necesidades e peculiaridades que vaian xurdindo .

## PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### 1.- XUSTIFICACIÓN

Tal como se recolle na *Lei orgánica 3/2020, do 29 de Decembro e a Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio,* como coa actual Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado, *para a mellora da calidade educativa* é necesario entender a atención á diversidade como unha necesidade e como un principio.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É por iso, que se fai necesaria a intervención de especialistas que atendan ás necesidades de alumnado con dificultades no seu proceso de aprendizaxe.

Para o curso 2023/2024; o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado no centro será atendido por dúas mestras especialistas en pedagoxía terapéutica, Natalia Pena Couceiro e María Celia Espasandín García.

Ademais, contamos con dúas especialistas en AL, unha a tempo completo e outra compartida co CEIP A Ramallosa, estando só un día no noso centro.

A coordinación entre as especialistas de PT e AL, baixo a Coordinación da Xefa do Departamento de Orientación, faise imprescindible para a realización dos apoios no referente a horarios, espazos, etc... dada a gran cantidade de alumnado con necesidades de apoio grave e permanente e que moitas veces temos limitados recursos (sobre todo humanos) para traballar con eles.

### 2.- OBXECTIVOS DE INTERVENCIÓN

A aula de apoio persegue uns <u>obxectivos de intervención</u> orientados ao alumnado, aos

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal


profesionais do centro e ás familias:

- Colaborar co resto de profesionais na prevención, detección e valoración das dificultades de aprendizaxe.
- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Realizar actividades de apoio educativo co alumnado con NEAE e a participación no seguimento e avaliación dos procesos de adecuación curricular, así como participar na avaliación dos alumnos atendidos.
- Intervir directamente co alumnado con NEAE.
- Colaborar e coordinarse cos titores/as e profesores/as das distintas áreas para facilitar a integración deste alumnado e o seu acceso ao currículo.
- Orientar ó profesorado que lles imparta docencia a este alumnado e ás familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar na programación e realización das saídas escolares e diferentes actividades realizadas no centro con alumnado de AENAE.
- Colaborar e coordinarse con diferentes profesionais e servizos externos que traballan co alumnado fora do centro.
- Prestar atención directa ao alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, se atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e asesoramento da xefa do departamento de orientación.
- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
- Participar na planificación e desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumno a quen prestase apoio, que se incluirá no seu expediente.

Combinado co traballo realizado na aula de apoio e nas aulas ordinarias, temos elaborado tamén un programa de autonomía persoal, para desenvolver na Aula de Habilidades da Vida Diaria e Psicomotricidade. Ver ANEXO.

3.- ALUMNADO CON NEAE

No presente curso seguimos tendo un incremento en canto a novo alumnado con necesidades educativas de carácter permanente e grave.

Vanse atender bastantes alumnos e alumnas de Educación Infantil e Educación Primaria con diferentes necesidades, a maioría de carácter permanente e grave. De feito o horario das mestras de PT está practicamente cuberto coa atención a este alumnado.

Dous dos alumnos están en escolarización combinada con Aspanaes, asistindo un deles tres días ao centro e outro dous días.

As principais necesidades que atopamos son TEA con/sen discapacidade mental, TDAH, retraso xeneralizado do desenvolvemento, dificultades no desenvolvemento motor asociado con retraso madurativo, Síndrome de Down, alumnado con dificultades de aprendizaxe, por descoñecemento da lingua ou curricular, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou trastornos graves na conduta.

Ao longo do curso, o alumnado pode variar debido a novas incorporacións ou a cambios nas súas necesidades.

Os mestres de PT atenden aproximadamente 28 alumnos/as.

Agrupamentos:

Intentaremos que o apoio sexa sempre dentro da aula ordinaria, aínda que moito deste alumnado, polas necesidades graves que presenta, require dunha atención individualizada na aula de P.T.

Traballaremos en pequenos grupos de dous ou tres alumnos. Os grupos faranse atendendo ao seu nivel de desenvolvemento curricular e ás necesidades que presenten.

En Educación Infantil, os apoios realizaranse na súa totalidade dentro da aula ordinaria, saíndo co alumnado só en momentos puntuais.

Reunións coas familias:

Consideramos imprescindible ter reunións periódicas coas familias para valorar o traballo diario e ver o avance co alumnado. Tamén nos interesa coordinarnos para o traballo na casa. Tentaremos ter unha reunión trimestral como mínimo, que segundo o caso se poderá facer de xeito individual especialista/familia (avisado o titor/a) ou en coordinación co titor/a ou especialistas, mediante unha reunión conxunta. Teremos en conta tamén os especialistas externos que traballen con este alumnado.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Partir dos coñecementos previos do alumnado.
- Adecuar a aprendizaxe ao desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- Posibilitar o "Aprender a Aprender".
- Propiciar unha "Aprendizaxe Activa".
- Flexibilizar os tempos e as tarefas.
- Desenvolver aprendizaxes funcionais.
- Fomentar a comprensión.
- Utilizar reforzos sensoriais aumentativos (estimulación multisensorial) e diversas axudas que favorezan a aprendizaxe.
- Levar a cabo técnicas, métodos e actividades adecuadas ás súas necesidades e intereses. Destacando técnicas de modificación de conduta, educación emocional..
- Potenciar a capacidade de realizar as tarefas de forma autónoma, retirando axudas paulatinamente.
- Favorecer a xeneralización das aprendizaxes.
- Potenciar o nivel de competencia nas áreas instrumentais.
- Fomentar o traballo cooperativo, favorecendo a interacción cos demais.
- Potenciar o uso de distintos materiais e recursos, fomentando o traballo co ordenador e as novas tecnoloxías.
- Ofrecer oportunidades de éxito para favorecer a súa autoestima e confianza.

5.- RECURSOS

Organizativos: neste curso temos unha aula de apoio, compartida polos dous mestres, situada na segunda planta. Tamén se fai uso dunha aula, na mesma planta adicada a psicomotricidade, autonomía e habilidades da vida diaria.

Gracias á utilización de ámbalas aulas, pódense coordinar os horarios dos dous especialistas de PT para poder traballar cada un nunha, nos casos nos que sexa preciso unha intervención individualizada co alumno ou alumna.

Aínda así, neste curso é necesario tamén compartir a aula de convivencia.

Materiais: respecto ao material, as necesidades específicas dos nosos alumnos/as, requiren de materiais moi concretos que lle axuden a superar as súas dificultades. Estes materiais deberán ser motivadores, sinxelos, axeitados e adaptados ás súas características.

Na aula contamos con material manipulativo e moitos recursos de elaboración propia: pictogramas, pictográficos, xogos,...

Dispoñemos, tamén, dun ordenador portátil con conexión a internet e material multisensorial e encerado dixital en cada unha das aulas.

Persoais:

*Internos*: dous mestres especialistas en Pedagoxía Terapéutica, unha mestra especialista en Audición e Linguaxe (e outra un día a semana), unha coidadora, unha orientadora, os titores/as dos alumnos/as con NEAE, mestres especialistas, equipo directivo e compañeiros dos alumnos/as.

*Externos*: familias, CEE Manuel López Navalón, ASPANAES e o Equipo de Orientación Específica da provincia da Coruña, Asociación Down Compostela, especialistas externos (logopedas, pedagogas, médicos, psicólogos, Atención Temperá do Concello e gabinetes externos...)

## 6.- TEMPORALIZACIÓN

A presente programación ten unha duración dun curso académico.

O período lectivo abrangue dende o 11 de setembro ao 21 de xuño. Dentro deste curso escolar diferenciamos tres trimestres coas seguintes actividades a realizar sempre tendo en conta a necesaria flexibilidade:

<u>1º TRIMESTRE:</u> realizar tarefas de avaliación inicial en coordinación constante co titor/a, información a educadores e a pais, planificación e execución dos programas de intervención, elaboración do horario e da programación.

<u>2º TRIMESTRE:</u> realizar o seguimento do alumnado, manter reunións periódicas cos titores e as titoras, colaborar na adaptación da programación de aula ao alumnado, elaborar informes de seguimento, colaborar na elaboración de materiais e en pautas de actuación coas familias.

<u>3º TRIMESTRE:</u> revisión de documentos, sesións de avaliación final e flexibilización, elaboración de informes, de memorias e avaliación da programación.

Ademais, é necesario en cada trimestre, acudir ás reunións regulares que se fan a nivel

de centro que implican toma de decisións que afectan ao alumnado atendido, como por exemplo: Dpto. de Orientación, C.C.P, sesións de avaliación, Ciclos, Equipos, cursos de formación de profesorado, PFFP,...

## 7.- COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL).

Cas subdimensións de escoitar, falar, conversar, ler e escribir. Esta competencia supón a utilización dunha linguaxe (que no noso caso pode ser de diferentes tipos: pictos, xestos...) como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). Desenvolvendo a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del.

Competencia dixital (CD). Preténdese fomentar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación como instrumento de aprendizaxe, basicamente a través da utilización de programas educativos e de instrumentos tecnolóxicos que sirvan para a vida diaria do alumnado.

Aprender a prender (CAA). Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo.

Competencias sociais e cívicas (CSC). Traballaremos os comportamentos sociais en diferentes situacións da vida diaria do alumnado. Traballar as habilidades sociais para saber enfrontarse a diferentes situacións, sentimentos, conflitos, etc.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

## 8.- AVALIACIÓN

- Con respecto ao alumnado.

Para a *avaliación inicial* utilizaremos: observación, informes anteriores, entrevista cos titores e as familias, probas de avaliación inicial funcionais e rexistros.

Para a *avaliación procesual* utilizase: seguimento a modo de rexistros, reunións de coordinación co profesorado implicado, sesións trimestrais de avaliación

Para a *avaliación final* utilízanse: as mesmas técnicas, recolléndose por escrito coas propostas de mellora necesarias.

Terase en conta no proceso de avaliación, o currículo de referencia e de ser o caso as Adaptacións Curriculares (ACS). Así como tamén, os estándares de aprendizaxe avaliables e as rúbricas establecidas para cada caso.

- Con respecto á programación.

Para levar a cabo o seguimento e avaliación, utilizaremos principalmente a observación da nosa actuación e teremos en conta aspectos como os obxectivos previamente plantexados, se foron cumpridos ou non, se creamos un clima de coordinación adecuado, se a metodoloxía utilizada para a consecución destes obxectivos foi a máis axeitada..., co fin de mellorar a nosa intervención.

Farase un seguimento continuado, e ao finalizar o curso avaliarase (coa axuda dos titores/as e mestres/as especialistas) a aplicación desta programación, dos seus resultados, o grao de consecución dos obxectivos propostos, as dificultades dos obxectivos que non foron acadados, as propostas de mellora pertinentes para o vindeiro curso as dificultades encontradas e como foron solventadas. As conclusións máis relevantes desta avaliación serán recollidas na memoria final.

ANEXO

Programa para a mellora da autonomía persoal, psicomotricidade e afianzamento de habilidades da vida diaria.

Durante o presente curso daremos continuidade ao Programa para Mellorar a Autonomía, a Psicomotricidade e as Habilidades da vida diaria do alumnado con dificultades graves para acadar estas aprendizaxes de xeito espontáneo (alumnos/as con NEE permanentes). Terá lugar na *aula de Autonomía e Habilidades* respectándose as características e o ritmo de desenvolvemento do noso alumnado.

Por medio de diversas tarefas e rutinas, procurarase que o noso alumnado adquira os seguintes obxectivos específicos:

Obxectivos específicos:

- Progresar na adquisición das habilidades da vida diaria (hixiene, alimentación e vestido).
- Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais para satisfacer as necesidades básicas.
- Disfrutar das situacións cotiás de vestido, hixiene e alimentación.
- Recoñecer e diferenciar as partes do corpo.
- Mellorar progresivamente no manexo de materiais de uso frecuente na actividade física como pelotas, aros, cordas, etc.
- Mellorar o equilibrio estático e dinámico acadando certo grao de autonomía en accións como camiñar, correr, subir escaleiras, saltar, etc.
- Participar en xogos, aprendendo a esperar quendas.

Actividades:

En canto á Autonomía persoal nas habilidades da vida diaria (HVD):

- Coidado persoal: aseo e hixiene.

- Lavado e secado de mans.
- Lavado de dentes.
- Utilizar o WC.
- Peitearse...

- Vestido.

- Vestirse e espirse.
- Vestir e espir bonecos.
- Recoñecer as prendas de vestir.
- Abotoar.
- Utilizar a cremalleira na roupa e os velcros.
- Quitar e poñer o calzado.

- Alimentación.

- Poñer a mesa: mantel con fotos de prato, cubertos, vaso, pano.
- Facer un zume: cortar laranxas, espremer, servir...
- Usar os útiles de comida correctamente.
- Permanecer sentados durante a comida.
- Limparse e usar o pano.
- Hábitos correctos na mesa: non gritar, sentarse ben, nin tirar as cousas...

- Servir bebida nun vaso, etc...

En canto á Psicomotricidade:

- Afianzar o esquema corporal: coñecer e sinalar as distintas partes do corpo, seguir instrucións, cancións do corpo, etc..
- Traballar o equilibrio: realizar percorridos (liña recta, zig-zag...).
- Traballar o ton muscular por medio de actividades de relaxación.
- Mellorar o ritmo, seguir cancións e moverse segundo se indique.
- Potenciar a coordinación: realizar circuítos, saltar aros, evitar obstáculos, trepar, andar, correr, etc.

Ademais, dentro destas actividades, proponse levar a cabo todas aquelas que favorezan a estimulación multisensorial e o xogo simbólico. É preciso seguir dotando á aula de material específico para acadar os obxectivos propostos como é material de psicomotricidade (aros, cordas, colchonetas...), bonecos, material de vestido e coidado persoal, etc. Tamén, hai que dicir que contamos coa colaboración da Auxiliar Técnica Educativa do centro para a realización do presente programa.

## PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

### 1.- INTRODUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O obxectivo principal dende a aula de Audición e Linguaxe é o de responder ás necesidades específicas de apoio educativo de cada alumno e alumna, especialmente as derivadas do ámbito comunicativo-lingüístico. A atención ofrecida debe entenderse como un conxunto de recursos educativos (persoais, materiais e organizativos) postos a disposición do alumnado, nalgúns casos de forma temporal e noutros máis continua e/ou permanente.

Resúmese nunha serie de pautas xerais relacionadas cos Programas de Intervención que realizamos para cada un dos/as alumnos/as con NEAE do centro. Dentro de cada Programa de intervención están recollidos os contidos e criterios de avaliación a ter en conta para cada caso, programados para un curso escolar e que dependerán dar consecución dos obxectivos plantexados para dito alumnado na temporalización establecida con anterioridade (non orientadas por trimestre). A intervención que se vai realizar segue o establecido no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que

se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; desenvolta á súa vez pola Orde do 8 de setembro de 2021.

2.- NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO DO ALUMNADO

Para este curso escolar o centro conta con dúas mestras de Audición e Linguaxe (unha delas itinerante co CEIP Plurilingüe A Ramallosa e que ven un día á semana) e está programada á atención, por parte das mesmas, ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de diferentes situacións e relacionadas coas dificultades na área da comunicación, da linguaxe e da fala, traballando á súa vez a lectoescritura para aqueles casos onde se está iniciando ou potenciando dito proceso.

Destacar entre as necesidades neste ámbito, as seguintes:

- 8 alumnos con TEA. (un deles con TDAH)
- 1 alumno con Síndrome de Down
- 1 alumna con Retraso madurativo (fala e motriz)
- 1 alumno con TDAH, moitas dificultades de aprendizaxe e múltiples dislalias.
- 1 alumno con Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento.
- 3 alumnos con Trastorno específico da linguaxe (un deles don TDAH e dislexia)
- 2 alumnos con dislexia.
- 2 alumnos con dificultades de aprendizaxe e que afectan á fala

Neste curso hai moito alumnado con dificultades na fala (dislalias e disfemia) pero que non se poden atender debido ao gran número de alumnado con dificultades no centro e á pouca disposición horaria por parte do profesorado de Audición e Linguaxe para atendelas. É por iso que dende o Departamento de Orientación se estableceu unha priorización en función das necesidades de cada alumno; aínda así, poderanse dar pautas tanto aos titores como as familias que así o demanden.

3-. OBXECTIVOS XERAIS DE CADA PROGRAMA DE INTERVENCIÓN

Dende a aula de Audición e Linguaxe establecemos os seguintes obxectivos de forma xeral:

- Identificar posibles necesidades do alumando no ámbito da comunicación e da linguaxe.
- Avaliar e valorar as necesidades educativas do alumnado no ámbito da comunicación e

da linguaxe co fin de axustar a resposta educativa de cada alumno e alumna.

- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo no ámbito da comunicación e a linguaxe.
- Favorecer o desenvolvemento da comprensión e da expresión lingüística de todo o alumnado e, en especial, do alumnado atendido dende a aula de AL.
- Fomentar no alumnado unha actitude positiva cara á comunicación a linguaxe.
- Procurar intervencións globalizadas que atendan ao máximo desenvolvemento en tódalas áreas (área cognitiva, social, autonomía persoal).
- Elaborar material de intervención adaptado ás necesidades individuais do alumnado.
- Ofrecer asesoramento e establecer mecanismos de coordinación e colaboración co resto de profesionais do centro.
- Orientar ás familias do alumnado con NEAE no ámbito da comunicación e a linguaxe e ofrecer información en canto a mecanismos de prevención, estimulación e desenvolvemento comunicativo-lingüístico.
- Coordinar actuacións cos centros específicos que atende ao alumnado do centro en modaldade de escolarización combinada (dous alumnos neste curso).
- Colaborar e coordinar as actuacións educativas con entidades/asociacións de ámbito externo que traballan co alumnado fóra ou dentro (en casos excepcionais) do horario escolar.

## 4.- CONTIDOS DA ÁREA DA COMUNICACIÓN E DA LINGUAXE

Para a consecución dos obxectivos anteriores, traballaranse unha serie de contidos recollidos nos ámbitos da área comunicativa e lingüística.

- Prerrequisitos básicos para o desenvolvemento lingüístico e cognitivo (atención, imitación, percepción, razoamento).
- Bases anatómicas e funcionais.
- Dimensións da linguaxe: fonética e fonoloxía, morfosintaxe, léxico-semántica e prágmática.
- Procesos da linguaxe: comprensión e produción da linguaxe.
- Comunicación total: Sistemas alternativos e/ou complementarios de comunicación.
- Lectoescritura: iniciación /potenciación do proceso lectoescritor, incluíndo a importancia da conciencia fonolóxica, a comprensión e a velocidade lectora).

5.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Con carácter xeral, os principios metodolóxicos que guían o traballo das mestras de Audición e Linguaxe son:

Ensinanza *individualizada*, personalizada e activa.

Aprendizaxes funcionais e significativas.

Enfoque pragmático: *a comunicación como prioridade*.

*Motivación* do alumno ou da alumna creando un contexto lúdico que combine o modelo estruturalista (organización prevista) e funcional (respecto ás iniciativas do alumno/a).

Transferencia e xeneralización das aprendizaxes.

Empregaranse *distintas estratexias metodolóxicas* para a rehabilitación da comunicación e a linguaxe oral, entre as que podemos destacar: a espera estruturada, a ensinanza incidental, correccións directas ou indirectas utilizando a corrección de encadeamento cara atrás, modelado, espera estruturada, etc.

Para a rehabilitación da linguaxe escrita empregaremos unha metodoloxía que combine os aspectos máis válidos do método analítico e do global.

6.- RECURSOS A EMPREGAR NO PROCESO DE INTERVENCIÓN

6.1. RECURSOS PERSOAIS

- Internos: Departamento de Orientación, Equipo directivo, Claustro (en especial aqueles membros do Claustro que interveñen directamente na atención do alumnado que acude á aula de AL) e persoal non docente (coidadora, conserxe, persoal de administración...).
- Externos: familias, profesionais do CEE que atenden ao alumnado en modalidade de escolarización combinada, profesionais das diferentes asociacións/servizos externos, membros do EOE (Equipo de Orientación Específico).

6.2. RECURSOS MATERIAIS

Cóntase cunha aula de Audición e Linguaxe ampla que permite establecer traballo por recunchos (ordenador, traballo en mesa, relaxación, espello, zona de lectura...). Os diferentes espazos e materiais están sinalizados con pictogramas, para facilitar a estruturación e organización do alumnado que o precisa.

Respecto ao material distinguimos: material para a *intervención directa* (materiais para o desenvolvemento psicomotor e sensorial, xogo simbólico, respiración e sopro, praxias,

discriminación auditiva, comunicación, lecto-escritura e recursos TIC's); *material funxible* (folios, libretas/cuadernillos individuais..); neste último caso, o alumnado traerá o seu *propio estoxo* da aula e, no caso do alumnado que polas circunstancias ou necesidades que teña non o pida traer, a aula contará cunha gaveta co seu nome onde se introducirán os traballos de aula e o material individual preciso.

6.3. RECURSOS ORGANIZATIVOS

Tendo en conta que neste curso hai dúas especialistas de AL e debido á dificultade para poder traballar co alumnado na mesma aula contaranse con outros espazos como a aula de estimulación sensorial (que conta con material específico), aula de PT, departamento de inglés, aula de Informática ou "corredores" (no caso de E.I.).

7. -TEMPORALIZACIÓN DAS SESIÓNS

A temporalización establecida para cada unha das intervencións dependerá das necesidades e características individuais de cada alumno e alumna (unha sesión enteira e/ou unha media sesión de 25 minutos). O número de sesións semanais así coma o tempo adicado a cada unha delas, variará en función das NEAE de cada alumno/a e poderá ir dende unha sesión semanal ata tres sesións á semana (enteiras ou medias, segundo as necesidades). Darase prioridade ao alumnado con necesidades permanentes,

Procurarase, na medida do posible, sesións na aula ordinaria cando sexa posible e sesións individualizadas para favorecer a personalización da ensinanza e a automatización de aspectos relacionados ca comunicación e a linguaxe en función doutros contextos dados. Poderase, nalgún caso, establecer o traballo en pequenos grupos (non máis de tres alumnos/as) dentro de aula de AL.

8.- AVALIACIÓN

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial que axudará a determinar o punto de partida para as intervencións. Dita avaliación inicial realizarase en colaboración co DO e poderase tomar como referencia novos informes existentes.

Segundo os resultados da avaliación inicial, procederase a elaboración dun programa de intervención individualizado para cada alumno/a, o cal será aplicado coa correspondente adaptación metodolóxica.

A avaliación terá un carácter continuo (con rexistros diarios), o que permitirá realizar as

modificacións do programa a curto prazo atendendo ás necesidades do alumnado. Ao final de cada trimestre realizaremos unha valoración dos avances ou dificultades acadados e recolleremos as conclusións en informes de seguimento.

Ao longo de todo o proceso de intervención realizaremos reunións periódicas que permitan establecer unha comunicación e coordinación eficaz co resto de **profesionais** que atenden ao alumnado para poder ofrecer unha resposta educativa o máis axustada e coherente posible en función das necesidades do alumnado en cada momento. Contaremos con reunións con asociacións como Down Compostela, ASPANAES, XANELA, Servizos de Atención tempera (Concello, Hospital...), Servizos Sociais e outros especialistas como os logopedas de ámbito privado (Violeta Cruz, Atémfito e outros gabinetes externos).

Así mesmo, estableceremos canles de comunicación coas **familias** do alumnado que recibe a intervención coa fin de potenciar e xeneralizar as aprendizaxes a contextos naturais e funcionais; dito intercambio será presencial ou por teléfono cia, para poder asesorar na realización das tarefas.

Para potenciar a estimulación da fala e da linguaxe na Etapa de Ed. Infantil, elaboraranse unhas pautas a nivel xeral para poder axudar ás familias do alumnado desta Etapa, tal e como se levou a cabo en cursos anteriores.

A final de curso elaboraranse informes do alumnado onde se recollerán os obxectivos acadados así coma as propostas de mellora de cara a próximos programas de intervención.
; terá en conta toda a información aportada polo resto de profesionais que interveñen na educación de cada alumno/a, para valorar o nivel de consecución dos obxectivos propostos, quedando reflectidos nunha memoria final de curso.

De xeito periódico teremos en conta reunións de coordinación cos centros educativos específicos e/ou as diferentes entidades/asociacións que estean implicadas no proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a.

Teremos en conta ademais, ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe, as adquisicións, adaptacións e elaboracións do material pertinente en función das necesidades e características de cada alumno ou alumna.

Teremos en conta tamén a autoavaliación. Esta terá como finalidade coñecer se o programa de intervención, a actuación docente e o material seleccionado se adapta, en todo momento, ás necesidades educativas do alumnado. Sendo de esta maneira a autoavaliación a ferramenta para reformular e mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 8.8.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

| COMPOÑENTES |
|---|
| MARÍA MORENO SANDE - COORDINADORA |
| CRISTINA BERMEJO VARELA |
| TERESA MARÍA CABEZAS CARNICERO |
| PATRICIA CRISTINA GUERRA LÓPEZ |
| ENCARNACIÓN MOURE VÁZQUEZ |
| MARÍA SOLEDAD NIETO MALLO |
| HERMINIA NIMO LESTÓN |
| JOSÉ FRANCISCO SILVA BRENLLA |

PLAN ANUAL DE LECTURA.

1.- FUNDAMENTACIÓN

O Proxecto Lector será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do centro

Nós partimos da idea xeral de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa. A través dela, o individuo é capaz de desenvolver as súas potencialidades cognitivas, afectivas, sociais, morais, emocionais e creativas que lle axudarán a desenvolverse globalmente para ser máis libre e mellor, así como para prepararse para a vida. Na busca dese camiño de conformación persoal o neno/a non debe estar só, pois esa labor compete ás familias, aos educadores e á sociedade en xeral, posto que canto mellor formados estean os individuos, mellores e máis ceives serán as sociedades que eles constitúan e á súa vez, unha boa comprensión lectora constitúe un factor clave para conducir ao alumnado ao éxito escolar, así como o fomento de actitudes positivas entorno á lectura.

O presente Plan anual de lectura pretende conseguir que o alumnado adquira as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento integral, fomentando o hábito lector desde todas as áreas e niveis de Educación Infantil e Primaria e posibilitando a

igualdade educativa.

Utilizaremos como base fundamental os proxectos nos que está inmerso o centro. Coa inclusión no PLAMBE, faremos especial fincapé este curso no papel das mulleres na historia.

## 2.- OBXECTIVOS

- Desenvolver as competencias lectoras.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e do centro a través de actividades atraíntes para toda a comunidade escolar.
- Establecer un programa de formación de usuarios de bibliotecas para que aprendan a desenvolverse autónomamente na busca de información e lecturas.
- Estimular o interese pola lectura.
- Deseñar e levar a cabo diferentes actividades relacionadas coa lectura e a escritura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Adquirir hábitos de respecto e coidado dos recursos bibliográficos.
- Fomentar e crear o hábito lector.
- Contribuír a garantir o uso igualitario dos recursos culturais.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.
- Acadar lectores competentes en todo tipo de textos (literarios, publicitarios, gráficos...) en soporte impreso ou dixital, con todo tipo de finalidades.

## 3.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

A Biblioteca dispón dun horario onde están sinalados os tempos e sesións en que cada titoría pode utilizar dito servizo (tanto de préstamo e devolución como para de realización de diversas actividades). Cada titoría dispón dunha hora semanal fixa. Ademais permanecerá aberta e activa en todo o horario de recreo sendo atendido o seu servizo polos colaboradores e colaboradoras e o profesorado de garda de recreo, pertencentes ao equipo de biblioteca.

## 4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

No presente curso continuaremos coa posta en marcha da biblioteca do centro: adquisición de fondos bibliográficos e audiovisuais, catalogación dos mesmos mediante o programa Meiga, facilitado pola Xunta de Galicia, e amoblamento do espazo físico da biblioteca.

Ademais a biblioteca terá un papel fundamental no centro, xa que todas as actividades e proxectos do centro pódense nutrir dela.

5.- SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTO).

As bibliotecas de aulas canalizan e comparten moitos propósitos da biblioteca escolar: elas son unha ferramenta perfecta para apoiar os obxectivos curriculares e un espazo dende o que se motiva, invita e se propoñen actividades relacionadas coa lectura, a escritura e a expresión oral.

A biblioteca de aula é o espazo lector máis próximo e cotián no escenario do ensino e a aprendizaxe escolar. O seu uso é diario para consultas puntuais, busca de información, lecturas persoais e lectura grupal. A proximidade dos recursos da lectura cobren as necesidades de información, complementan e amplían a curiosidade dos alumnos sobre os temas de estudo, alentan o hábito lector e ademais achegan a posibilidade de innovación nas metodoloxías do mestre.

Os materiais que podemos ter na biblioteca serán:

- Libros de referencia ( dicionarios, enciclopedias, atlas...)
- Libros informativos de diferentes materias.
- Outros libros de texto.
- Libros de ficción.
- Xornais e revistas.
- Fotografías, láminas de imaxes,...
- Libros feitos polos alumnos.
- Material audiovisual (CD, DVD)
- Material manipulable

A biblioteca de aula dispón de recursos para o fomento da lectura e a escritura pero non só para traballar dende as áreas das Linguas, senón que será responsabilidade de todos os mestres/as dese grupo de alumnos/as, o desenvolvemento dos obxectivos propostos dende o Plan Anual de Lectura do Centro.

Dende e coa biblioteca de aula traballaremos:

- Familiaridade cos libros.
- Hábitos de coidado e manexo dos libros.
- Manexo doutros soportes de lectura audiovisuais e informáticos.
- A motivación da lectura diaria na aula. En voz alta ou silenciosa.
- A lectura social con estratexias de expresión oral como presentacións, debates, exposicións, libro-forum...
- O uso doutros libros informativos para ampliar información e elaborar traballos de documentación en torno a un tema, de xeito individual ou en equipo.
- Elaborar diarios de lecturas, recomendacións, guías...
- Produción de elementos motivadores como marcapáxinas, exlibris, carteis...
- Produción de textos e libros persoais sobre temas documentais ou escritura creativa.
- Participación na prensa escolar e outras actividades culturais do Centro.

## 6.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Partimos da dedicación dun tempo diario á lectura comprensiva e/ou aos hábitos lectores, empregando unha metodoloxía activa, participativa e interdisciplinar, con actividades individuais e colectivas na que cada nivel conta coas estratexias de animación á lectura axeitadas. Coa participación de toda a comunidade educativa. Con estratexias de fomento da lectura, de uso da biblioteca, de atención á diversidade, de implicación das familias, etc.

### 6.1.- ACTIVIDADES NA HORA DE LER

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007) no seu anexo IV, referente ao "Proxecto Lector" recóllese o seguinte:

"O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluirá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura."

Tendo en conta isto, e desenvolvendo o Proxecto Lector do Centro establécese un tempo diario de lectura para todo o alumnado. Esta actividade consistirá nunha sesión diaria

mínima de 20 minutos dedicada a actividades relacionadas co fomento da lectura.
Neste curso das 12'15 ás 12'35 de luns a venres.

Con esta proposta non se pretende impor nin o tipo de documento que vai utilizar, xa que poden decidilo tanto o profesorado como o propio alumnado, nin o xénero, pode ser de ficción ou formar parte do currículo da materia en cuestión, pode ser o mesmo para todo o grupo ou individualizado, e a lectura pode ser en grupo ou de forma persoal, en voz alta ou silenciosa e o profesorado decidirá que tipo de actividades, se o desexa, quere e pode facer en torno á lectura.

A intención desta proposta é que todo o alumnado destine nun horario prefixado, cando menos, 20 minutos de lectura ao día.

6.2.- ACTIVIDADES DE LECTURA COMPARTIDA

Tentaremos poñer en marcha no presente curso o Apadriñamento de Lectores que consiste en que un rapaz ou unha rapaza acompaña na lectura a outro ou outra de menor idade, léndolle, contándolle ou xestionando a lectura conxunta dun libro, nun tempo e nun lugar específico organizado pola biblioteca: no patio, na aula, na biblioteca; no recreo, nunha festa especial polo día do Libro ou nun tempo marcado no horario semanal. Tamén poden os pequenos lectores lerlles aos grandes, o que engadirá unha motivación extra ao feito da lectura.

Ademais se potenciará a comunicación intercentros da localidade (En especial as escolas do CRA e a escola Municipal infantil de Calo), propoñendo actividades conxuntas de lectura.

7.- RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

Este curso 2023-2024 contamos cos seguintes integrantes no equipo de biblioteca:

- Cristina Bermejo Varela
- Encarnación Moure Vázquez
- Herminia Nimo Lestón
- María Soledad Nieto Mallo
- Teresa Mª Cabezas Carnicero
- José Francisco Silva Brenlla
- Patricia Cristina Guerra López
- María Moreno Sande (coordinadora)
-

As súas funcións son as seguintes:

- Organización.
- Elaboración do Plan anual/Memoria.
- Elaboración de materiais: carnés, boletíns informativos, exposicións, ...
- Formación de usuarios
- Reunións periódicas e toma de decisións a respecto da Biblioteca Escolar.
- Deseño de actividades de uso, dinamización e animación.
- Peticións de materiais e recursos.
- Publicación e divulgación de experiencias e actividades.

Algunhas das funcións específicas do coordinador do equipo son:

- Analizar a situación e necesidades da Biblioteca.
- Xestionar os recursos materiais e humanos.
- Comunicar e facer circular a información.
- Participar na capacitación do alumnado no uso das fontes de información.
- Ofrecer recursos e oportunidades para a aprendizaxe.
- Promover a lectura como medio de ocio e entretemento.

PROFESORADO.

- Recibe información das actividades programadas. Colabora con elas.
- Dispón dunha ou varias sesións semanais de uso.
- Propón a adquisición de recursos.
- Formaliza préstamos.

Todos os membros da comunidade educativa están implicados neste Plan Anual de Lectura, sendo os titores e titoras os que guían ao alumnado na consecución dos obxectivos propostos.

ALUMNADO.

- Dispón do servizo de préstamo e de lectura en sala.
- Colabora en actividades de animación á lectura.
- Utiliza os diversos recursos da Biblioteca.
- Participa en labores de organización e xestión a través dos equipos de colaboradores.

Existirá neste curso alumnado colaborador na xestión, organización e outras funcións asignadas da biblioteca escolar. Preferentemente formará parte deste grupo o alumnado de

6º de Ed. Primaria.

NAIS/PAIS.

- Reciben información e recomendacións da Biblioteca e de lecturas a través de boletíns, blog da biblioteca, Facebook ...
- Colaborarán en actividades puntuais de animación á lectura: lectura de contos, dramatizacións, …

CONSELLO ESCOLAR

No seo do Consello Escolar está constituída a comisión de Biblioteca.

8.- ITINERARIOS LECTORES.

Tentaremos deseñar uns itinerarios lectores para o noso alumnado, consistirá nunha selección de libros, propostos polo equipo de biblioteca e aprobados polo resto do profesorado. Estes libros serán escollidos pola súa especial relevancia adecuación e prestixio, a selección incluirá obras de narrativa, poesía e teatro. Deberá conter libros escritos en lingua galega e castelá.

9.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

Entre estas actividades realizaremos as que se poidan en función dos recursos dispoñibles:
- Decoración da biblioteca escolar con motivos suxerentes para os nenos /as.
- Colocación dun panel para informacións múltiples que se poidan comunicar aos usuarios, do tipo de horarios da biblioteca do centro, concursos que se celebren dende a biblioteca escolar, convocatorias de certámenes literarios aos que esta comunidade poida acceder, traballos novos que cheguen á biblioteca...
- Proporcionar información sobre cómo consultar os recursos e como conseguir extraelos dos estantes bibliotecarios.
- Poñer un expositor para mostrar os recursos que se acaban de adquirir.
- Organizar certámenes literarios con temas propostos ou libres para favorecer a expresión escrita do alumnado.
- Fomentar actividades de contacontos, dramatizacións,... dos alumnos, das familias, ... para o resto da comunidade escolar.
- Presentación dos libros recén chegados.
- Recibir aos autores que nos poidan proporcionar as editoriais.
- Seleccionar coleccións de libros cun tema concreto, relacionados con algunha das unidades

didácticas nas que se esté traballando e prestalos ás aulas que o soliciten.

- Acollerémonos ás actividades propostas por outras bibliotecas e institucións, se nos parecen axeitadas.
- Realizaremos o mantemento do catálogo de libros, dos lectores e do resto de recursos a través do programa informático para a xestión das bibliotecas escolares.
- Elaboración e difusión de guías de lectura con variedade de criterios: pedagóxicos, literarios,...
- Promoveremos a circulación de lotes prestados periódicamente ás aulas.
- Utilizaremos os recursos informáticos e internet para a consecución de información.
- Realizar préstamos a alumnos con criterios adecuados aos alumnos concretos, orientando a quen o solicite, pero deixando liberdade de elección.
- Poñer en marcha a mochila viaxeira na que se fará unha selección axeitada e variada que permita achegar ás familias lecturas e materiais diversos para compartir cos/as neno/as.

| Campos | Todo o curso | 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
|---|---|---|---|---|
| Xestión técnica e organización | | | | |
| | Cada trimestre avaliar o funcionamento na CCP.<br>Adquirir fondos.<br>Catalogación. | Marcar as pautas de funcionamento do Equipo de Biblioteca.<br>Incluír o Plan Anual na Programación Xeral Anual.<br>Organizar o horario da biblioteca. | Recollida de información para a suxestión de selección de material para mercar. | Facer a memoria. |
| Dinamización | | | | |
| Formación de usuarios | Información na web do centro.<br>Colaboradores e colaboradoras de biblioteca. | Visita inicial á Biblioteca a principio de curso.<br>Formación inicial de colaboradores e colaboradoras de biblioteca. | Explicación por parte da biblioteca do uso e localización dos diferentes fondos documentais a aqueles que o precisen. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Educación para o acceso á información | Coordinadas polo responsable TIC do centro. | Divulgación das normas de uso dos ordenadores. | Coordinación destes coñecementos nos currículos das distintas materias. | |
| Fomento da lectura | Animación con contacontos.<br>Talleres.<br>Visionado DVD nas horas do recreo.<br>Mochila viaxeira.<br>Teatro-monicreques | Concurso de relatos e debuxos de terror (mes de outubro). | Actividades para o mes do libro:<br>Apadriñamento.<br>Candeloria<br>Quedada literaria. | Concurso de poesía |
| Apoio ao desenvolvemento do Proxecto Lector | Procurar material necesario para que o alumnado poida participar na "Hora de Ler".<br>Asesoramento ao profesorado sobre itinerarios lectores. | | | |
| Outras actividades de dinamización | | Boletín de Nadal | | Boletín de verán |

9.1.- PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS.

Os proxectos documentais integrados (PDI) son actividades nas que o alumnado, ademais de investigar sobre un tema ou problema concreto, familiarízase cos mecanismos de búsqueda de informacion e traballo intelectual empregando para iso os recursos documentais da Biblioteca Escolar.

Os proxectos documentais integrados son un excelente instrumento para xerar e estimular novas formas de aprender, acordes coa sociedade da información.

Son unha forma de traballo que permite transformar a información en coñecemento e coa que a biblioteca escolar se converte no eixo da acción educativa.

Estableceremos neste curso, un ou varios centros de interese arredor dos cales se desenvolvan os Proxectos Documentais Integrados. Centrarémonos no proxecto de: AS MULLERES NA HISTORIA.

9.2.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS.

Nos primeiros días os grupos de 1º de primaria do centro pasarán pola biblioteca onde obterán información sobre a mesma. Asimesmo formarase aos colaboradores e aos usuarios que o precisen.

9.3.- ACTIVIDADES PUNTUAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS (DÍA DA BIBLIOTECA ESCOLAR, DÍA DO LIBRO, DÍA DA PAZ, 8 DE MARZO, SEMANA DA PRENSA, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, …)

Ao longo do curso deseñaranse diferentes actividades na biblioteca, as veces tendo a biblioteca e a literatura como referente, e outras veces como apoio de distintas celebracións, festividades, …

Co apoio das diferentes editoriais, ao longo do curso agardamos establecer diferentes encontros con autoras/es e ilustradores/as, que nos animarán á lectura e tamén fomentarán a labor literaria dos nosos alumnos e alumnas.

10.- RECURSOS E MATERIAIS

O noso centro conta cunha Biblioteca con mobiliario pouco axeitado. Ademais de continuar coa tarefa iniciada o curso pasado (adquisición e catalogación) esperamos neste curso mellorar este aspecto.

Todas as aulas deben contar con Biblioteca propia que se nutrirá cando sexa posible da Biblioteca do centro.

11.- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

O ámbito familiar é potencialmente o máis idóneo para xerar o gusto pola lectura nos nenos e nenas, xa que canto antes aprendan a gozar do que supón entrar no mundo máxico dos libros, a aprender a emocionarse con eles, maior será a posibilidade de crear bos lectores ao longo da vida. Ter experiencias gratificantes coa lectura dende pequenos é a maior garantía de crear un bo lector. Se coñecemos as estratexias máis axeitadas para cada idade, teremos máis posibilidades de éxito neste labor. Así, dende moi pequenos, é conveniente converter a lectura nunha rutina diaria, léndolles uns minutos cada día cun

contacto persoal directo, deixándolles que agarren ou suxeiten o libro ou mesmo que axuden a pasar as páxinas. A hora de ir para a cama é un momento especialmente apropiado para ler xuntos, xa que relaxa e crea unha extraordinaria complicidade.

A MOCHILA VIAXEIRA: Tentaremos poñer en marcha esta experiencia para a que se fará unha selección axeitada e variada que permita achegar ás familias lecturas e materiais diversos para compartir cos/as nenos/as.

12.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Aspectos a avaliar:

- A participación nas actividades relacionadas coa Biblioteca e a lectura en xeral.
- O uso por parte dos alumnas/as e profesorado.
- A adecuación dos horarios.
- A adecuación dos recursos.
- A comunicación do equipo coas titorías.
- A comunicación coas familias.
- Os hábitos de lectura e o respecto ás normas.

Instrumentos de avaliación.

- Observación, por parte de titores/as, profesores/as e equipo de Biblioteca.
- Fichas e cuestionarios. Enquisas. Rexistros.
- Traballos do alumnado.

## 8.9.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

| COMPOÑENTES |
|---|
| DAVID TOSAR GANDÁSEGUI (COORDINADOR) |
| PABLO BARGE CARRETE |
| LORENA CONDE VÁZQUEZ |
| MONTSERRAT GUILLAMÓ DIESTE |
| IRENE LÓPEZ DÍAZ |
| PILAR RODRÍGUEZ OTERO |
| ANA BELÉN VARELA QUIÑOY |

Dado o número de mestres e mestras que conforman o Equipo TIC, trataremos de distribuir o traballo polo que eran os antigos ciclos entre os diferentes membros, para levar a cabo as tarefas e obxectivos propostos.

Desta maneira cremos que será máis práctico e efectivo, e garantimos tamén, que cada ciclo traslade as súas necesidades a un dos membros do Equipo TIC.

Aparte desta distribución por niveis, faremos  uso da Aula de Informática e priorizaremos os seguintes ámbitos.

• As webs de centro, tanto a web escolar como a Aula Virtual e a Galería.

• A Biblioteca escolar.

No referente ás xuntanzas para coordinarase, garantizaremos polo menos unha por trimestre, e segundo as necesidades e dispoñibilidade , teremos algunha xuntanza máis, ben sexa de xeito puntual, ou o terceiro martes de cada mes, como está programado na PXA.

Necesidades atopadas.

Coordinación co equipo de Biblioteca dentro do plamBe. En cursos anteriores, en coordinación co Equipo TIC, compráronse tablets e ordenadores portátiles dentro do PlamBe. Ademáis, dende a biblioteca están desenvolvendo un blog e diferentes proxectos que inclúen a elaboración de material multimedia. É necesario pois, ter unha estreita colaboración co Equipo de Biblioteca para o asesoramento, mantemento, conLiguración e uso do material TIC e para axudar na elaboración do Blog e diferentes tarefas que elaboran usando recursos TIC.

Revisión de material. Estanse producindo queixas en canto ao funcionamento de encerados dixitais interactivos e dos carritos de Edixgal e Abalar. Xa se fixeron as reclamacións pertinentes e estamos a espera de que veñan a revisalos.

Web escolar e Aula Virtual. Aínda que se usan pola maioría do profesorado, vemos a necesidade de fomentalo máis entre o Claustro e dar a coñecer as súas posibilidades e destacar a importancia de consideralas unhas ferramentas de traballo imprescindibles.

Equipamento para aulas con nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Naquelas aulas nas que hai alumnado con NEAE hai habitualmente unha demanda de Equipamento TIC para apoiar a este alumnado.

Formación do profesorado. Xa comezou o curso inicial da Aula Virtual e está programado o nivel avanzado. Do mesmo xeito, están programados o curso inicial e o

avanzado de Edixgal.

Na Aula Virtual do Centro , están publicadas distintas ferramentas TICs para o coñecemento e o uso por parte do profesorado, alumnado e familias

É necesario unha formación ao profesorado ,aínda que sexa de xeito informal no día a día ensinando como se conLigura e mantén certo material e ferramentas TIC. Sería importante que o profesorado fose máis autónomo na utilización das TICs e na solución de problemas que poidan xurdir.

Obxectivos prioritarios.

Destacamos como obxectivos prioritarios para o presente curso:

• Fomentar a comunicación coa Comunidade Educativa. Usar as TICs para facilitar documentos, impresos, protocolos, información sobre eventos , etc á Comunidade Educativa.
• Fomentar entre o Claustro o uso das webs escolares: Web de Centro, Aula Virtual e Galería.
• Facer uso de diferentes recursos TIC para o funcionamento do centro, tratando de usar as ferramentas e medios electrónicos dispoñibles para a xestión diaria do centro.
• Coordinarse co Equipo de Biblioteca escolar para desenvolver diferentes aspectos TIC dentro do PlamBe.
• Inclusión de elementos TIC na biblioteca do centro, para dinamizala no seu uso.
• Actualizar os equipos de centro á última versión de Windows (Windows 10)
• Fomentar o uso das TICs para a atención á diversidade, principalmente nas aulas, mediante o uso, por exemplo, de ordenadores antigos como ferramentas complementarias de traballo nas aulas.
• Fomentar entre o profesorado o uso de soLtware libre (facendo especial fincapé en Libre Office), e instalar naqueles ordenadores que sexa posible unha distribución Linux.
• Fomentar entre o profesorado, a formación básica para solventar na actividade diaria problemas sinxelos coas TIC.
• Dar a coñecer e facer cumprir as normas TIC por parte do profesorado e o alumnado.
• Fomentar un uso correcto e responsable entre o profesorado e o alumnado, dos elementos TIC.
• Mantemento dos elementos TIC do centro.

Bloques de actuación:

En relación ao centro:

• Usar os diferentes recursos TIC para a xestión diaria do Centro.
• Fomentar o uso das webs escolares, Aula Virtual como un recurso imprescindible a disposición do centro e do profesorado e familias.
• Usar as TICs dentro do proxecto PlamBe da biblioteca.
• Usar as TICs como una medio de comunicación coa Comunidade Educativa.
• Usar as TICs como una medio máis para a Atención á Diversidade.

En relación ao profesorado:

• Favorecer o emprego das TICs na labor docente estimulando no profesorado o seu uso, en especial co alumnado con NEAE.
• Axudar a introducir materiais didácticos baseados nas TICs tanto nas distintas titorías como nas aulas de PT e AL ou dos diferentes especialistas: Inglés, Música, Ed Física,....
• Recoller suxerencias e propostas do profesorado dirixidas a proporcionar e compartir materiais didácticos para o seu uso nas aulas ou nas casas, a través da Aula Virtual.
• Estender a todo o profesorado e as aulas do centro o uso das PDI.

En relación ao alumnado.

• Facilitar o acceso as TICs por parte do alumnado como ferramenta indispensable no proceso de ensino - aprendizaxe.
• Suxerir o emprego por parte do profesorado daquelas ferramentas didácticas que teñan como base as TICs para incorporalas ao uso polo alumnado.
• Orientar ao alumnado no uso axeitado tanto do material informático como dos programas dos que dispón o centro para a consecución dos obxectivos e das competencias básicas.
• Colaborar co responsable do proxecto Abalar e co coordinador de Edixgal do centro para a extensión de dito proxecto a todo o terceiro ciclo.

En relación co material

• Rematar e poñer ao día o inventariado de todo o material dispoñible para as TICs.
• Facer o mantemento e a posta a punto de todos os equipos informáticos así como dos accesorios necesarios para o seu bo funcionamento.

• Facer as xestións necesarias para implantar a rede WIFI corporativa en todo o centro.

• Mercar e repoñer os consumibles así como material deteriorado ou estropeado.

• Coordinar o uso entre o profesorado daqueles materiais comúns dispoñibles no centro.

• Establecer e facer cumprir as normas de uso do equipamento TIC.

Avaliación:

É importante avaliar o desenvolvemento deste programa TIC, tanto no referente á consecución dos obxectivos como ao funcionamento do Equipo TIC como dinamizador a nivel de centro.

Para iso, debemos valorar o punto de partida e os logros acadados a final de curso. É imprescindible neste eido, a opinión do resto do Claustro en canto ao traballo desenvolvido.

Atendendo a isto, indicamos tres momentos no proceso de avaliación.

• Avaliación inicial de necesidades e do estado dos equipos informáticos así como das instalación relacionadas coas TICs.

• Avaliación continua do desenvolvemento do traballo programado detectando as posibles melloras para corrixilas.

• Avaliación final do feito ao longo do curso, valorando a consecución dos obxectivos e indicando as propostas de mellora. Recollerase na Memoria Anual 2023 /2024.

Criterios a ter en conta para a avaliación:

• Grado de consecución dos obxectivos.

• Valoración das TICs por parte do profesorado, alumnado e resto de membros da Comunidade Educativa.

• Frecuencia de uso das TICs dentro e fora da aula.

• Participación no desenvolvemento e seguimento das páxinas webs e blogs do centro.

• Autonomía, por parte do profesorado e alumnado, na solución de diferentes problemas que poidan xurdir no uso das TICs.

Instrumentos de avaliación:

• Enquisas de valoración xerais.

• Enquisas de valoración sobre aspectos concretos deste programa e observación sistemática e análise do uso das TICs por parte de cada titor/a ou mestre/a e do alumnado.

Temporalización:

Todo o traballo do equipo das TICs desenvolverase ao longo do curso académico 2023/2024, algunhas delas cunhas datas máis precisas como a avaliación inicial de

necesidades, ou a avaliación final de todo o feito.

## 8.10.- OUTRAS COORDINACIÓNS

Ao longo do curso 2023-2024 implementamos novas coordinacións tal e como establece a Lei 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei 2/2006 do 3 de maio de Educación. Estas implementarán, elaborarán e actualizarán en cada caso os plans correspondentes referidos ás súas propias coordinacións.

| OUTRAS COORDINACIÓNS | |
|---|---|
| COORDINADOR PLAN DIXITAL | DAVID TOSAR GANDÁSEGUI |
| COORDINADORA DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES | SOLEDAD FIDALGO SUÁREZ |
| COORDINADORA DE COMUNICACIÓN | IRENE LÓPEZ DÍAZ |
| COORDINADORA DO PLAN DE IGUALDADE | CLARA BLANCO MARTÍNEZ |
| COORDINADORA DO PLAN DE LECTURA | MARÍA MORENO SANDE |
| RESPONSABLE DE BENESTAR E CONVIVENCIA | NATALIA PENA COUCEIRO |
| DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS | PABLO BARGE CARRETE |

## 9.- PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E OUTROS PROGRAMAS

### 9.1.- SECCIÓNS BILINGÜES

Contamos no Centro con 7 Seccións Bilingües:

- 2 seccións bilingües en 4º de educación primaria
- 3 seccións bilingües en 5º de educación primaria
- 2 seccións bilingües en 6º de educación primaria

a) Profesorado que participa:

Eva Duarte Rey. Imparte a Sección Bilingüe en 4º e 5º de Educación Primaria
Teresa Mª. Cabezas Carnicero. Imparte a Sección Bilingüe en 6º de Educación Primaria.
Margarita Ferreño Casal. Profesora Coordinadora e Coordinadora da Auxiliar de Conversa.

b) Alumnado que participa:

| | Nº ALUMNADO | PARTICIPANTES | % |
|---|---|---|---|
| 4ºA | 15 | 15 | 100% |
| 4ºB | 14 | 14 | 100% |
| 5ºA | 18 | 18 | 100% |
| 5ºB | 18 | 18 | 100% |
| 5ºC | 18 | 18 | 100% |
| 6ºA | 24 | 24 | 100% |
| 6ºB | 22 | 22 | 100% |

### 9.2.- PLAMBE

O noso centro segue a formar parte do Programa de Mellotras de Bibliotecas

Escolares (PLAMBE), tal como se recolle no apartado de Dinamización da Biblioteca Escolar no apartado 8.8 desta PXA.

## 9.3.- PROXECTO E-DIXGAL

Coordinadora E-Dixgal: Eva Duarte Rey.

Na introdución do plan TIC do CEIP A Igrexa Calo está recollido que:
"O ordenador converteuse nun instrumento de traballo imprescindible na nosa sociedade e é por tanto necesario estimular e fomentar o uso destas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe dentro da escola."

O alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, ten que ter acadado unha competencia dixital, que consista en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Cursos atrás, o CEIP A Igrexa-Calo solicitou a incorporación do centro ao proxecto Abalar fai varios curso escolares.

Posteriormente produciuse a incorporación activa ao proxecto de WEBs-dinámicas primeiro a nivel de WEB e desde o curso 2019/2020 coa posta en funcionamento a incorporación do alumnado a aula virtual do noso centro.

Continuamos ca utilización do sistema de comunicación provisto por AbalarMóbil no que agora está involucrado, tamén, a práctica totalidade das familias da comunidade educativa do centro.

Un paso máis na mesma liña foi o acordo do Consello Escolar e do Claustro de Profesorado para solicitar anos atrás a incorporación do noso centro ao proxecto E-Dixgal da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Na solicitude presentada polo centro recollemos que:

O alumnado debe ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles, desa nova forma de pensar co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente.

As novas tecnoloxías como ferramentas engadidas aos modelos pedagóxicos poden converterse en recursos valiosos para a aprendizaxe, logrando formar estudantes con competencias persoais e profesionais. As novas tecnoloxías favorecerán que os alumnos accedan a toda a información que lles rodea, facilitando deste xeito o desenvolvemento da súa futura vida

A incorporación das TIC, á educación converteuse nun proceso, cuxa implicación, vai moito máis alá das ferramentas tecnolóxicas que conforman o ambiente educativo, fálase dunha construción didáctica e a maneira como se poida construír e consolidar unha aprendizaxe signiLicativa en base á tecnoloxía..

Recibiuse o equipamento para o alumnado e o que corresponde ao profesorado. O material do alumnado está xa en funcionamento sen incidencias de importancia.

A nivel de formación do profesorado o centro adaptou o seu PFPP para centralo o redor da incorporación do proxecto Polos Creativos. Neste curso un total de 19 mestras e mestres téñense incorporado a un seminario formativo dentro do citado PFPP.

Os Polos Creativos teñen un deseño modular e innovador, están dotados de equipación especializada, ocupan espazos físicos definidos nos centros educativos, organizaranse didácticamente para formentar a creatividade a través da superación de retos, a consecución de proxectos, a resolución de problemas, a realización de prototipos, a construción de resultados tanxibles.

Enfocaranse á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria. Tamén albergan prácticas de investigación e experimentación. Teñen unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber.

Moito do profesorado sumouse individualmente ás distintas convocatorias formativas relacionadas. Entre elas a actividade de formación inicial EVA- Edixgal (PFPP) de 20 horas impartidas polo asesor AMTEGA e unha formación para continuar e implementar o Plan Dixital de centro.

Fronte ao anterior a comunidade educativa do noso centro está a facer tódolos esforzos necesarios para a posta en funcionamento do proxecto, complementando as carencias, engadindo actividades de formación en propio centro relacionadas co as TIC e coa aula virtual. A totalidade das familias teñen recollido o equipamento do alumnado logo da sinatura e tratamento de rexistro do correspondente contrato de cesión.

Ao comezo do curso as familias implicadas foron informadas sobre as características de E-Dixgal, do equipamento que ían recibir en préstamo o alumnado, das características do mesmo e da existencia dun posible seguro acordado pola Consellería de Educación e máis unha empresa do ramo.

Posteriormente, nas xuntanzas do comezo do curso, o profesorado fixo unha exposición do proxecto e das implicacións educativas do mesmo diante das nais e pais do

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal


alumnado de quinto.

Durante o presente curso realizaranse os procedementos de avaliación previstos no noso documento de solicitude de incorporación ao proxecto E-Dixgal.

O proceso avaliativo seguirá os procedementos e métodos descritos no documento xa referido de solicitude de incorporación ao proxecto E-Dixgal.

Esta avaliación terá os seguintes indicadores de logro:

| INDICADORES DE LOGRO | |
|---|---|
| Centro | Promove encontros coas familias que faciliten informativos que faciliten a resolución de problemas e preocupacións |
| | Crea a documentación necesaria para a e a información e comunicación coas familias |
| | Desenvolve protocolos de utilización dos materiais para o profesorado e os alumnos. |
| | Facilita o uso das novas tecnoloxías a alumnos con necesidades educativas especiais. |
| | Promove a asistencia ás reunións e charlas informativas organizadas para a presentación do proxecto. |
| Alumnado | Utiliza as novas tecnoloxías e técnicas de traballo propias con materiais dixitais. |
| | Contribúe ao desenvolvemento de prácticas encamiñadas ao traballo colaborativo. |
| | Usa responsablemente as novas tecnoloxías como fonte de información e de coñecemento . |
| | Inicio no coñecemento e manexo dos novos recursos tecnolóxicos. |
| | Diferentes ritmos de aprendizaxe |
| | Coida e fai un uso correcto do material |
| Profesorado | Coñece e usa a plataforma E-Dixgal. |
| | Establece un cambio metodolóxico na súa aula potenciando experiencias innovadoras. |
| | Participa nas actividades de formación  propostas sobre o proxecto. |
| | Potencia as ferramentas e elabora contidos para utilizalos na plataforma. |
| | Establece protocolos de traballo para unha boa coordinación do |

| | |
|---|---|
| | profesorado do ciclo. |
| | Valora o uso da tecnoloxía |

## 9.4.- PROXECTOS DE CENTRO

- **Proxecto anual.**

Cada curso levamos a cabo un proxecto anual no que participa todo o centro escolar. Neste curso escolar 2023/24 traballaremos o proxecto "As mulleres na Historia".

- **Plan Proxecta+.**

Participamos cada ano nun Plan Proxecta. Este curso 23/24 é o proxecto "Nos tamén creamos", que terá como produto final unha curtametraxe en galego coa técnica *stop motion* a partir dun álbum ilustrado.

- **Radiocalo.**

É a radio escolar do centro. Difundimos información, proxectos, traballos a través de podcast que se suben á web do centro. Na radio escolar participa o alumnado de primaria e o profesorado do centro.

- **Meteocalo.**

É unha estación metereolóxica que permite a recollida, tratamento e análise de datos atmósféricos por parte do alumnado de primaria. Mediante esta ferramenta o alumnado coñece os fenómenos atmosféricos.

- **Calocultura.**

É o proxecto cultural do centro. Durante o curso escolar levamos a cabo actividades teatrais, musicais,cinematográficas, obradoiros, charlas e talleres que completan e complementan a formación do alumnado.

- **Calonatura.**

É o proxecto mediambiental do centro. Inclúe os proxectos "Horto escolar" que se traballa en educación infantil, a "Ecotropa", alumnado de 2º ciclo de primaria que coordina as boas prácticas no patio de recreo, a limpeza e o ecoloxísmo, "Aves da contorna"  ca colocación de niños e obserbación de aves, "Árbores da contorna" na que estudiamos as árbores do noso centro, as andainas e diversos talleres medioambientais.

- **Benestar emocional.**

Son actividades de convivencia, igualdade, inclusión e saúde emocional. Participa toda a comunidade educativa. Ademáis dos obradoiros e charlas inclúense as "Convivencias Deportivas" co alumnado do Ceip Os Tilos e o Ceip A Ramallosa, o "Paso de Ecuador" do alumnado de 3º nivel con alumnado doutro centro escolar en dúas xornadas e durante todo o curso escolar ou a participación do alumnado de 6º nivel de primaria como mediador de conflictos co apoio e mentorización do departamento de orientación.

- **Caloigualdade.**

Son os recursos e actividades levadas a cabo durante o curso escolar a prol da igualdade efectiva entre nenos e nenas.

- **Calosaúde.**

Promoción de estilos e hábitos de vida saudables, a partir das necesidades específicas do alumnado, especialmente nos ámbitos da nutrición e alimentación saudables e do deporte.

Algunhas da actuacións son a campaña "Come Local" do comedor escolar, con formación e asesoramento para os responsables do comedor escolar e a degustación de productos con denominación de orixe para os usuarios de comedor, os "Cursos de primeiros auxilios" para o alumnado de 6º de primaria impartido por profesionais do Sergas e para o resto do alumnado polo profesorado de Educación Física, as "Convivencias Deportivas", as "Olimpiadas", o "Programa de Saúde Bucodental" impartido polo Colexio de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña, a "Campaña de detección da miopía" a cargo da Facultade de Óptica e Optiometría da USC e o "Plan de Autoprotección".

- **Revista escolar.**
- **Polo Creativo.**

Actividades no que se traballa a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D.

Ademaís destes Proxectos que levamos a cabo todos os anos, poden xurdir outros proxectos puntuais de menor duración, mensual ou trimestral.

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal


# 10.- PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN

### 1.1. Marco normativo de referencia.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), derrogou a LOMCE e introduce modificacións na LOE.

Baseándose en principios como o respecto aos dereitos da infancia, a educación inclusiva, a equidade, a igualdade de xénero e a orientación educativa e profesional, a LOMLOE establece os seguintes fins do sistema educativo, a maioría contemplados na LOE:

- Pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades de alumnos/as.
- Educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, igualdade de dereitos e non discriminación.
- Educación no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos.
- Educación na responsabilidade individual, mérito e esforzo persoal. • Formación para a paz, respecto aos dereitos humanos, aos seres vivos e ao medio ambiente.
- Desenvolvemento da capacidade dos estudantes para regular o seu propio aprendizaxe.
- Formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como elemento enriquecedor da sociedade.
- Adquisición de hábitos de traballo en todos os ámbitos de coñecemento.
- Capacitación para o exercicio de actividades profesionais, actividades de coidado e de colaboración social.

- Capacitación para a comunicación en lingua oficial, cooficial e estranxeira.
- Preparación para o exercicio da cidadanía e a participación activa na vida económica, social e cultural.
- Capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital.

No Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No Título preliminar, nas Disposicións xerais, no Artigo 7. Obxectivos de etapa, concrétase o seguinte obxectivo:

> k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

No Título I, de Organización e desenvolvemento, no Capítulo II Desenvolvemento do currículo, no Artigo 17. Elementos transversais, concrétase o que segue:

1. Na etapa de educación primaria trataránse, polo menos aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16.

10. Así mesmo, dende todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, educación para a paz, educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible e educación para a saúde, incluída a saúde afectivo-sexual.

O Título III dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do proceso de educación dixital, en que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu

desenvolvemento.

No Artigo 35. Promoción de estilos de vida saudables, establece os seguintes puntos:

1.- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2.- O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Por outro lado, tomado como referencia ás Competencias clave, podemos priorizar a que segue:

CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de facerlles fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Atendendo as competencias profesionais docentes, estruturase en tres áreas: pedagóxica, profesional e social.

- Na área pedagóxica abarca a competencia didáctico-metodolóxica, a competencia comunicativa e a competencia dixital.

- Na área profesional abarca a competencia en desenvolvemento profesional, e a competencia en organización escolar e colaboración.

- Na área social abarca a competencia en saúde, seguridade e benestar social, e a competencia inclusiva, social e cidadá.

